

teima

REVISTA GALEGA DE INFORMACION XERAL

*¿Especulación de nichos?
Coruña: negociar coa morte*



VILASO

1º MAIO

Os traballadores galegos, cara ó futuro


Se quiere seguir tendo

unha **TEIMA** independente,

¡¡suscríbese!!

NOME		
DOMICILIO		
POBOACION		
PROVINCIA	PAIS	

TARIFAS DE SUSCRICION A TEIMA (Semanal)		
	ANUAL	SEMESTRAL
PENINSULA IBERICA	1.872 Ptas.	936 Ptas.
EUROPA:		
CORREO ORDINARIO	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO	3.120 Ptas.	1.560 Ptas.
RESTO DO MUNDO		
CORREO ORDINARIO	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO	4.500 Ptas.	2.250 Ptas.
<input type="checkbox"/> TALON ADXUNTO N.º		
XEITO DE PAGO:	<input type="checkbox"/> XIRO POSTAL N.º	DATA
	<input type="checkbox"/> IMPOSTO EN	
	<input type="checkbox"/> CONTRA REEMBOLSO	



BOLETIN DE DOMICILIACION BANCARIA

Nome e apelidos

Sr. Director de

Axencia


SEÑORES:

Agradeceríalles que con c rrego   mi a conta-libreta n.º..... atendan o recibo que anualmente- semestralmente present ralles Sociedade Galega de Publicaci ns, S. A. pr  pago da mi a suscrici n   revista TEIMA.

Atentamente,

NOME		
DOMICILIO		
POBOACION		
PROVINCIA	PAIS	

TARIFAS DE SUSCRICION A TEIMA (Semanal)		
	ANUAL	SEMESTRAL
PENINSULA IBERICA	1.872 Ptas.	936 Ptas.
EUROPA:		
CORREO ORDINARIO	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO	3.120 Ptas.	1.560 Ptas.
RESTO DO MUNDO		
CORREO ORDINARIO	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO	4.500 Ptas.	2.250 Ptas.
<input type="checkbox"/> TALON ADXUNTO N.º		
XEITO DE PAGO:	<input type="checkbox"/> XIRO POSTAL N.º	DATA
	<input type="checkbox"/> IMPOSTO EN	
	<input type="checkbox"/> CONTRA REEMBOLSO	



BOLETIN DE DOMICILIACION BANCARIA

Nome e apelidos

Sr. Director de

Axencia

SEÑORES:

Agradeceríalles que con c rrego   mi a conta-libreta n.º..... atendan o recibo que anualmente- semestralmente present ralles Sociedade Galega de Publicaci ns, S. A. pr  pago da mi a suscrici n   revista TEIMA.

Atentamente,

1º MAIO

Os traballadores galegos, cara ó futuro

- 4** Cada semana:
 - Fuga radiactiva na central das Pontes.
 - Os bispos galegos e a política.
 - Nin unha sota pra «Autopistas».
 - Ourense: a prensa ten 25.000 pesetas de culpa.
- 8** Os Eidos.
- 10** Negreira: un colexio de manda chover na Habana.
- 11** Informe. Primeiro de maio en liberdade condicional.
- 16** Sucede no país.
 - Especulación de nichos na Coruña.
 - A Capela: recetar a punta de pistola.
- 20** Pobos Ibéricos.
- 24** A Xente.
- 26** Mentireiro verdadeiro.
- 28** Conversa con Mario Gaviria. Autopistas e centráis nucleares.

pola nosa banda

¡Maxinen unha nuclear!

Unha pantasma recorre As Pontes. A posibilidade cotiá dun novo escape, dunha nova fuga radiactiva estase a converter —dende o toque das sirenas proletarias na factoría— no moderno e xigantesco meigallo da nosa existencia. Namentres, as grandes e máis contaminantes empresas instaladas —a pesar dos pesares— na nosa Terra, teiman minuto a minuto con insistencia na súa irresponsábel actitude por ver, sempre unha vez máis, de escapar ás máis elementáis disposicións vixentes sobor do control da polución industrial. Semella unha guerrilla, tráxica sorte do noso pobo, pola escapada dos desembolsos de capital: o grande desembolso que significaría, prás empresas, de leva-lo adiante con consecuencia, a posta a punto dos máis modernos sistemas anticontaminación.

De súpeto enterámonos, en Galicia, nas mesmas Pontes de García Rodríguez, de que na Central Térmica se traballa con material radiactivo. Ninguén o sabía, seica. Aclarado este punto, pois, anos e anos despóis da creación da factoría. Máis iso non fa se-lo peor: Galicia enteróuse, os mesmísimos traballadores de As Pontes decatáronse aquel día por cativas notas na Prensa diaria, de que algo crebara na Central e a fuga, radiactiva, anegaba o ámbito da poboación. A intoxicación, en potencia e silenciosa, misturábase co aire. Silenciosa, tamén, a Empresa calaba. As Pontes convertíase, con violencia, na converxencia do difícil «ir vivindo» do noso proletariado: dende as numerosas mortes obreiras, anos atrás, construindo a cheminea, a sinxela vida rural da bisbarra convertíase co tempo no asoballado exemplo da intransixencia salvaxe dun capitalismo tamén salvaxe.

A desinformación convirte á Central Térmica de As Pontes nun perigo constante. A poboación, toda a poboación galega e moito máis os directamente afectados, as familias obreiras de As Pontes, teñen xa o dereito inaprazábel ó coñecemento de todos e cada ún dos pasos da factoría. Todos e cada ún deles, sen excepción, porque algo moi grande está en xogo. Namentres, en tanto isto non sexa realidade, vivir nas Pontes pódese converter nun inferno. Namentres, a Empresa estase a comportar na máis negra clandestinidade: a clandestinidade do silencio, a irresponsabilidade. ENDESA ten que rendir contas, sinxelamente, dos seus movementos día a día e unha situación normalizada. Se isto, todo isto, ven a conto dunha Térmica... ¿Onde a total seguridade? Se todo isto ven a conto, Deus... ¡Maxinen unha Nuclear!

teima

Edita a Sociedade Galega de Publicacións, S.A.

Dirixe Anxel Vence Lols

Na Redacción: Luis Alvarez Pousa, Perfecto Conde Muruais, Víctor Fernández Freixanes, Xosé María G. Palmeiro, Antón López Mariño, Xavier Navaza Blanco Manuel Rivas Barrós.

Colaboran: Guillermo Campos (Pontevedra), Xosé Platero e Alfonso Sánchez Izquierdo (Ourense), Xosé R. Vilamor (Ferrol) e Xulio Xiz (Lugo)

Redacción na Coruña: Manuel Rivas, Xosel Vilela

Redacción en Vigo: Víctor F. Freixanes

Prestan a súa asesoría: Carlos Casares, Salvador García Bodaño, Xosé Manteiga (Cultura), Enrique Aller, Fernando M. Randulfe (Dereito Laboral), Ramón Barral, Xan L. Facal, X. M. Beiras, Xoan Rous, Xesús Vega (Economía), Valentín Arias, Xurxo Torres, X. M. Espino (Ensinio), Aldexandre P. Camacho, Xoan X. González, Xosé M. Cabanas (Ecoloxía), Francisco Carballo, Xosé M. Santalla, Alfonso Magariños, X. Chao Rego (Igrexa), Xosé Marpía, X. M. López Nogueira, Santiago Lamas, F. X. Yuste (Medicina), Equipo Trasmallo, Domingo Quiroga (Pesca), Mario Orxales, Xan Bouzada, Xosé P. Vilariño, Daniel Pino, Ricardo Palmás (Socioloxía), César Portela, X. L. Martínez, X. Bar Boo (Arquitectura-Urbanismo), Ceferino Díaz, Claudio L. Garrido, A. Pousa Antelo (Campo)

Traballan connosco as axencias: Europa Press (Madrid), Zardoya, (Barcelona), Keystone-Nemes (París) e Prensa Latina (Habana)

Enviannos información de Estado e do mundo: Arturo Ruibal, (Madrid), Carlos Porto (Lisboa), Xavier Costa Clavell, Ramón Clemente (Cataluña), Gregorio Gálvez (Euzkadí), A. Ramos Espejo (Andalucía), Equipo Andalan (Aragón), Vicent Ventura (País Valenciá), Equipo Cort (Balears), Ramón Luis Chao (París), F. Pérez-Barreiro (Londres), Domingo Fernández (Buenos Aires), Emilia Vázquez (Santiago de Chile), Baldomero Cores (Puerto Rico), Fernando Pereira (Montevideo).

Fotografía: Manuel Yáñez

Dibuxan: Siro, López, Xaquín Marín, Xosé Loquis.

Cartografía: Mario L. Rico

Confeciona e fai as portadas: Xosé M^a G. Vilasó

Supervisan o idioma con normas provisórias: Rosario Alvarez Blanco e Francisco Fernández Rei

Xerente: Carlos Vázquez

Xefe de Publicidade: Xosé M. Rodríguez Iglesias

TEIMA imprímese no prelo comercial de «La Voz de Galicia, S.A.» Rúa de Concepción Arenal, 9 e 13, na Coruña

Os nosos distribuidores:

A Coruña: Distribuidora «Henche» (207020)

Lugo: «Carvel» (215069)

Ourense: «Eudosa Castro» (224349)

Pontevedra: «Cao» (855374)

Vigo: «Distribuidora Viguesa de Publicacións» (414570/)

Ferrol: «Velo» (357707)

Santiago: «Prensa Nacional» (583456)

(Cada unha das distribuidoras cubre a súa respectiva bisbarra ou área metropolitana de influencia)

Redacción Central: Rúa do Hórreo, 94, Entrechán-D. Santiago de Compostela

Teléfonos: 596741-593879 (Prefixo 981)

Apartado de Correos n^o 448

Depósito legal: C-649-1976. Solicitárase o control de O.J.D.

Vigo

O que vivenda non dá, doña Xosefa conquístao

Ian aló catorce días de resistencia, de ocupación forzosa dun piso, proclamando, coa forza da necesidade por diante, o dereito a unha vivenda digna. «De aquí só nos sacaran pola forza e podes estar seguro de que van precisar moita».

O sábado, 16 de abril, María Xosé, unha rapaciña de doce anos, conseguía entrar nun dos edificios en construción no polígono de Coia, en Vigo; xa dentro do piso, abríulle a porta a toda a súa familia. Unha grande familia: súa nai, doña Xosefa, doente de artritis dende hai tempo, por culpa dun accidente laboral mal curado; súa aboa, Encarnación Serantes, eivada das dúas pernas; súa irmá máis vella, María dos Anxos, 24 anos e poliomefítica; seu irmán e máila súa muller, embarazada de seis meses; e a outra irmá, Gloria, de catorce anos.

Cansos de buscar e pedir onde vivir, cansos de ir de ventanilla en ventanilla e de póliza en póliza pra pedir un piso, a familia de doña Xosefa decidiu pasar á acción e ocupar pola súa conta un dos pisos xa rematados do polígono de Coia. Era, daquela, o 16 de abril.

Cando por culpa duns propietarios que xogan coa especulación, hai en Vigo máis de cinco mil pisos de aluguer sen ocupar, casos como o da familia de doña Xosefa adquiren características dramáticas, aldraxantes.

«Hai tres anos, fartos de vivir todos xuntos nun sótano —di doña Xosefa—, fun ó ministerio da Vivenda e a Sindicatos pra ver se nos podían dar un piso. Hai dous anos viaxéi, por primeira vez na miña vida, a Madrid, pra ver de arregla-lo do piso e tampouco fixen nada. Dixéronme que escribira ó delegado, fíxeno e nin me contestóu. Logo, aínda fun outras tres veces a Madrid e non houbo xeito de facer algo. Por fin, o día da Reconquista de Vigo fun, coa miña filla a ve-lo inspector da Vivenda e a decirlle que nos íamos meter nun piso. Non tivo millor cousa que decirnos que estabmos tolas. ¡Xa me gustaría saber a min o que faría el no noso caso! ¡E moi fácil decir esas cousas cando na casa dun tense piscinal».

O piso que hoxe ocupa a familia de doña Xosefa é o único habitado dese edificio, pro os veciños dos outros grupos comencian a facer vida común con eles, dando por suposto o dereito

pleno que tén a estar onde están, por riba do que opinen as autoridades e as trabas da burocracia.

Obreiros:

Despidos a moreas

Ninguén botóu de menos domingo, 1 de Maio, as imaxes televisivas —pesadas coma lousas— da mostra que o sindicato vertical organizaba durante os anos do franquismo tentando así disfrazalo «Día do proletariado» nunha festividade de mal folklore. Na rúa e nos arrabaldos obreiros houbo, coma sempre, represión: actos públicos prohibidos, paus prós traballadores...

A pesares da postura de Gobernación, as centráis sindicais —algunhas xa legalizadas— celebraron comicios, algunha que outra manifestación, e espallaron programas e voceiros. Cezáis un feito negativo nesta data foi a imposibilidade de levar adiante actos unitarios.

Día a día a organización sindical verticalista vaise desartellando, medran —namentres— os sindicatos nados no seo do movemento obreiro, pro a problemática dos traballadores galegos parece agudizarse progresivamente: a semana pasada, semana na que CC.OO., USO, UGT, STV e SOC presentaron os papéis pra legalizarse, foi un serio aviso de cal pode se-la actitude da patronal ante as vangardas sindicais e ante a chamada «crise económica», protexida por unha lexislación favorábel. *Ascón*, en Vigo, *Kelsa*, na Coruña, *Supremón*, en Ferrol, son hoxe exemplos dunha situación que pode agravarse. As empresas, apoiándose en leis feitas á súa medida ou recurrido ó «expediente de crise», están botando ó paro ós traballadores. «Trátase —decía algún comunicado dos moitos feitos en solidariedade cos afectados— de que os patróns queren seguir mantendo os mesmos beneficios aínda que sexa reducindo a plantilla». En vez de abrirse camiño á reivindicación obreira de «postos de traballo na nosa terra» parece vai ser crecente a inseguridade laboral nas industrias que agora existen. Outro tipo de conflitos veñen provocados pola disposición dalgunhas empresas a «descabezan» o movemento sindical despedindo, á menor oportunidade, ós líderes máis destacados. Esta foi a orixe da folga de *Genosa*, na Coruña, motivada polas sancións a Ricardo Souto. Os seus compañeiros, en solidariedade, fixeron marchas de hastra tres kilómetros e un peche.

A problemática de Auxiliares de Astano —unha das contratadas é *Supremón*— pode volverse sangrante nun prazo corto de tempo. Falá-

base en Ferrol de que en datas próximas Astano ía rescindir contrato a outras compañías. Mesmo algúns empresarios calificaban de «ficticia» a xustificación de crise dada pola empresa principal e de motivos nada claros pra racha-los contratos.

Igrexa

A xerarquía non quere curas-políticos

Os bispos de Galicia «tendo en conta as incidencias producidas polo actual intre político» puxéronse de acordo pra «non autorizar ós curas e relixiosos a ser candidatos nas próximas eleccións». A decisión chegou cando xa se coñecían os feitos consumados da aparición dos cregos Ramón Valcarce e Francisco Carballo e o frade pasionista Hilario Leopoldo López Rego nas listas presentadas polo bloque nacional-popular (UPG-ANPG). E razóns hai dabondo pra pensar que nada os obrigará a modifica-la súa decisión.

DECIDIU MADRID

Monseñor Rouco Varela, bispo auxiliar de Santiago e home de total confianza do arcebispo Suquía —alguén di que mesmo pode chegar a sustituílo co tempo— foi o encargado de comunica-la decisión ós medios informativos. Convertido en auténtico «portavoz» no senso literal, non deu explicación ningunha que se saíra do disposto pola xerarquía eclesiástica do Estado Español. Trátase dun mero transplante do disposto en Madrid.

«Os bispos, curas e relixiosos/as non poderán aceptar cargos nin contraer compromisos que entrañen unha opción política determinada». ¿Qué vai pasar polo menos cos tres casos xa citados? O bispo auxiliar de Santiago dixo que as normas xerais da igrexa non prevían «ningún tipo de medida disciplinaria de aplicación automática», o que dá a entender que non se obrará con precipitación, pro que tampouco se botará terra ó tema. De feito, o enfrentamento é xa unha realidade, entre o compromiso claro dun lado e o suposto neutralismo que os bispos tratan de defender. Algúns observadores temen que todo isto poida enturbar aínda máis a situación no seo da igrexa galega, que dun tempo a esta parte ven sendo marcada pola «contestación». Por exemplo, Tamón Valcarce (no número 20 de TEIMA) afirma que a xerarquía da igrexa galega «e, sen excepcións, allea ós problemas galegos».

Olo pois, coa penúltima decisión política dos bispos de Galicia.

OCE (BR)**Da bandeira roxa á bandeira branca e azul**

«Nós, antes que republicanos somos comunistas, e como tais estamos pola construción dun auténtico partido revolucionario dos traballadores que garantice o camiño irreversible cara á dictadura do proletariado». Esta foi a idea básica que os militantes da Organización Comunista de España (Bandeira Roxa) quixeron deixar clara na súa presentación pública en Galicia.

OCE (BR) reconócese, hoxe, nunha fase de extensión e ofensiva política, logo da grave crise na organización que supuxo a entrada masiva dos seus militantes no Partido Comunista, aló polo 74-75. Os seus centros de maior implantación son Cataluña, País Valencián e máis Andalucía; en Galicia, nótase a súa presenza na Coruña (xente nova) e en Santiago (universitarios, profesores no numerarios, construción e hostelería).

Na súa análise política, *Bandeira* parte da necesidade que ten a burguesía de consolidar a monarquía como forma de goberno que garante a estabilidade do estado; neste senso, o pasado referéndum e as próximas eleccións non son máis cós pasos necesarios pra lle dar unha aparencia de asentimento popular á monarquía. Pra OCE, o boicot ás eleccións é hoxe a súa batalla política máis importante.

Dúas son as razóns deste boicot: non hai aspiracións populares —amnistía, legalización de tódolos partidos— seguen sen satisfacerse; as Cortes que saían das eleccións non abrirán un período constituinte, senón que virán a consolidar-lo período monárquico.

«Pra nós a reivindicación da República forma parte básica da loita frontal contra a dominación capitalista: por unha parte, abre un período de inestabilidade que fire os proxectos da burguesía; por outra parte, favorece moito máis a intervención popular cara á satisfacción das súas necesidades. De cara á implantación da república, o boicot ás eleccións a Cortes é unha das caras da moeda da nosa política; a outra, é a constitución dun fronte republicano de toda a esquerda non revisionista prás eleccións municipais. Nos axuntamentos, a intervención popular é sempre máis activa e sempre haberá posibilidades de consolidar órganos de poder local. Tamén será nos axuntamentos onde a cuestión nacional se plantexa como necesidade máis aguda».

GALICIA

Organización Comunista de España (Bandeira Roxa) denuncia a opresión cultural, económica e política que sofre a nación galega.

«Galicia precisa dun período constituinte no que, mediante un goberno provisorio e unhas eleccións libres, poida elixir os seus vencellos co resto do estado. No eido económico, urxe unha reforma agraria que desterre o minifundio e unha reforma pesqueira que acabe cos monopolios; urxe, tamén, unha industrialización axeitada ás nosas necesidades. Entendemos que a reforma económica non estará completa mentres non sexa capaz de acabar coa emigración crónica dos galegos. No eido cultural, defendémo-la necesidade da oficialidade da lingua como primeiro paso pra unha cultura autonómica, no que non haxa «literatura», «economía» ou «sociología» abstractas, senón axeitadas ó noso país».

Nin unha sota pra «Autopistas»

Fixo falla que viñeran uns homes de Madrid pra que «Autopistas del Atlántico» puxera, por primeira vez na súa vida, a disposición dos veciños de Salcedo o proxecto da súa obra. Segundo conta Guillermo Campos, os veciños xa saben agora as cartas coas que poden xogar.

Despóis de moitas visitas ás autoridades e algunha que outra enérxica defensa das súas terras, técnicos do Ministerio de Obras Públicas chegaron até Pontevedra pra xuntarensen a falar xunto coas autoridades, cos homes de «Autopistas» e máis cos veciños de Morrazo. Era mércores, 26, e as cousas non tiñan camiño de ir moi ben. Obras Públicas propúxolles ós veciños que, a cámbio de deixar continua-las obras, abrirían unha oficina na que se atenderían tódalas súas reclamacións. Os veciños non pasaron pola proposta do Ministerio. A súa alternativa era unha comisión tripartita (veciños e técnicos, «Autopistas del Atlántico» e Obras Públicas), encargada de discutir e solucionar-los problemas pendentes.

O senso democrático do Ministerio non iría tan lonxe e non quixo tal comisión tripartita. A cousa quedou en que os veciños constituíran, pola súa conta, una comisión de estudio do proxecto da autopista; terán hastra o día seis de maio pra presenta-las súas alegacións e o Ministerio prometéu que en dous días daría resposta. Mentras, as obras da autopista quedarán paradas.

Polo que parece, os técnicos do Ministerio tén a mosca trala orella e non dan un peso polo que fagan os veciños. E poida que non lles falle razón: os afectados, con tódalas cartas enriba da mesa, non están dispostos a dar nin unha sota por perdida.

Ourense**A Prensa ten 25.000 pesetas de culpa**

Catro multas que totalizan 275.000 pesetas foi a resposta do gobernador civil de Ourense ó comicio que os partidos obreiros aínda non legalizados celebrarán, no pasado día 15, na Alameda do Concello. Tres multas foron parar ós prentos organizadores do acto e a outra, nun periodista que non facía máis cousa que se notario dun feito ben notorio.

Un dos sancionados —25.000 pesetas—, foi Xosé Aurelio Carracedo, da delegación da «Voz de Galicia», quen xa levava, no lugar do comicio, unha boa malleira das forzas antidisturbios, pandando, logo, cunha retención de varias horas na comisaría de policía. Diante destes feitos, a Asociación da Prensa de Ourense fixo pública a súa protesta ó tempo que defendía que as necesidades informativas non tén que supeditarse a falar das cousas que lles gustan ou que non turban a tranquilidade das autoridades.

Agora e diante da multa imposta ó compañeiro, os informadores ourensáns xa non saben cómo remedia-la súa indefensión fronte á autoridade gubernativa. Hastra hai quen di que a solución non é outra que falar moito e ben de Alianza Popular: ademáis de non levar paus, pode que aínda lle metan algúns cartos na faltriqueira. O que, dende logo, terían garantizado os periodistas que nun ca caerían baixo as iras nin as multas do señor Blanco Gutiérrez, tamén coñecido polo nome de «gobernador familiar». Cántase que o cargo dé bello á boda dun irmán seu coa filla do presidente das Cortes Españolas, don Torcuato Fernández Miranda. Mal falada que é a xente.

cada semá

As Pontes

Agora, tamén a radioactividade

Na central térmica das Pontes de García Rodríguez, prevista prá produción de 1.400 megawatios anuais, traballan neste intre perto de catro mil persoas. Case un cento delas puido resultar afectado por unha fuga radioactiva ocorrida nun aparello de gammagrafía que se utiliza pra observa-lo interior das partes metálicas. PERFECTO CONDE percorreu a noticia falando coa xente na vila e entrevistándose cos responsabeis da empresa.

A xente non fala doutra cousa nas Pontes. «Mire por onde —empezou relatando a TEIMA un traballador da central— estivemos todos a piques de que nos pasara algo irreparábel. Pra que logo digan que as industrias que nos traen non representan ningún perigo, cando nin siquiera nos decatamos de que hai hastra perigo de radioactividade».

A palabra radioactividade produce un senso máxico, case de pavor, entre a poboación desta vila coruñesa que viu medra-los seus veciños estrepitosamente dende 1972. Hai certa psicose radioactiva. Son moitos os que coidan que estiveron perto da fuga que partiu dun anaco de iridio 192, nun corredor das oficinas de montaxe mecánico da central térmica de Endesa. Segundo os responsabeis da fábrica (TEIMA falou con Lucio Rubio, delegado, e con Díaz-Faes, inxenheiro xefe de seguridade), non pasou nada importante e a psicose creada débese sen dúbida a unha falsa interpretación do suceso. «Fixemos unha reconstrución dos feitos —dixeron os directivos de Endesa— situando o equipo no mesmo lugar e nas mesmas condicións que se mantiveron durante o tempo do accidente. Os resultados que obtivemos sitúanse por debaixo dos límites que sinala o organismo internacional correspondente».

O que non contaron os portavoces da empresa é cómo ocorreu todo. TEIMA investigou pola súa conta falando con varias persoas, algunhas delas testigos directos e ao saber que o accidente foi máis ou menos así. Na noite do sábado 23 un equipo de gammagrafía tivo que operar no grupo un da fábrica pra controla-la soldadura que se acababa de facer sobre dun tubo que conduce gas saturado ás turbinas. Parece ser que este tipo de averías acontecen decote na térmica, mesmo máis do que sería necesario. O procedemento utilizado consiste en mirar ó traveso de raios gamma o interior de obxectos pra comproba-lo seu estado. Ven ser algo semellante a como fan os médicos cos enfermos cando os miran a raios ou lles sacan unha radiografía. O problema aquí é que se utiliza como fonte de enerxía unha peza de iridio 192 que posee radioactividade que pode chegar a ser perigosa segundo o tempo e a distancia á que a vida estea sometida á súa acción.

Pois ben, xa no intre de face-la comprobación da soldadura o persoal que manipulaba o aparato decatouse de que non funcionaba como

era debido. O radiólogo, máximo responsábel da operación, tiña presa e deixou todo nas mans dos axudantes, persoal sen especialización. O normal era que tal aparello fora retirado da circulación e conducido a un lugar axeitado onde non representara perigo ningún pro isto non se puido facer na noite do sábado por non funcionar un ascensor. Tampouco se puido medi-la posibilidade de radioactividade por non dispor naquel intre o persoal dos correspondentes *geyser* (aparells medidores). A peza radioactiva, metida no seu *container*, ficou polo tanto depositada nun corredor por onde pasaron varias dúcias de persoas dende a noite do sábado até a media tarde do luns en que alguén se decatou de que a *pastilla* estaba fóra do seu lugar e deu a alarma. Horas denantes, ás dez da mañá do luns, un traballador do departamento de soldadura retirara o aparello do corredor e meteráon nunha oficina de montaxes.

¿Qué foi o que pasou durante as corenta horas que estivo exposto o metal radioactivo no corredor dunha fábrica onde traballan milleiros de homes? Non se pode sabe-la resposta polo

Galegos en Bilbao

O premio de novela convocado pola Casa de Galicia en Bilbao foi declarado deserto este ano. O xurado, formado por Carlos Casares, Fernández del Riego e Xavier Carro, tomou esta decisión nunha xuntanza que tivo lugar en Santiago o sábado, 9 de abril. Moitos suores lles costara ós directivos deste centro, que agrupa a máis de medio milleiro de galegos que traballan en Euskadi, organizar tamén un premio de ensaio socioeconómico que non se concedeu porque de Galicia non colaboraron moito. De todo isto falou pra TEIMA, con certo desacougo, o delegado de cultura, Francisco Héctor González García, desta agrupación cultural e recreativa dos emigrantes galegos. Os trinta mil paisanos que teñen que traballar por aló fan de Bilbao como unha gran cidade galega paralela. Os da Casa de Galicia teñen estreitos contactos con outros centros galegos en Baracaldo, Sestao, Ondarroa, Ermoa, Llodio, Santurce... De ser cáseque exclusivamente lugares de encontro, estánse convertindo, cada día máis, en centros de cultura e discusión sobor da problemática galega. Por aló pasaron Casares, López Suevos, Francisco Rodríguez, Manuel María, Lois Diéguez, o dibuxante Siro... Por suposto, hai outro tipo de actividades que fan un pouco máis levadeira a vida fora da terra: fútbol, diversións, etc. Agardemos, noutro orde de cousas, que prós anos vindeiros saian de Galicia milleiros novelas e algúns ensaios e non haxa que falar de novo de «deserto» senón de maior venciamento.

de agora. A empresa asegura que non pasou nada e que, en todo caso, non pasaron de dez as persoas que andiveron no que se pode considerar área de radiación. Outras fontes aseguran que este número é polo menos de setenta ou oitenta e que nalgún caso o tempo de exposición pasou de dez horas. Algúns traballadores comerón o seu bocadillo a carón do aparello e unha muller en cinta permaneceu varias horas na zona de perigo.

«Nin siquiera se molestaron en facernos rápidamente as análises —declarou un traballador a esta revista—. Primeiro calaron a boquiña tratando de ocultalo todo e despois escomezaron, case tres días despois de ocurri-lo accidente, as análises médicas con toda a calma e parcialmente». De feito, o mércores pola mañá somentes se analizou o sangue dalgún traballador, cando parece ser que o normal nestes casos e que se analicen inmediatamente sangue e orina unha vez cada día durante unha semá, unha vez cada semá durante un mes e unha vez cada mes durante un ano. Sóio o resultado desas observacións clínicas poderá servir pra establecer definitivamente se houbo ou non houbo afección nos traballadores das Pontes que estiveron sometidos á radioactividade.

A preocupación, polo tanto, é notábel. «Eu xa nin como dende que pasou isto —dixo un dos supostos afectados—. Non pode ún decatarse do que é saber que estivo sometido a esa infernal acción». Algúns traballadores coidan que lles doe isto e o outro e non saben o que pensar. Hai medo na xente, pavor case. «Sóio nos faltaba isto», dixo alguén comentando o asunto. Realmente, tiña razón porque a construción da térmica das Pontes de García Rodríguez vai camiño de se converter nun macabro récord de accidentes de traballo, máis de quince mortos dende que se principiou a súa construción no ano 1972.

Esta revista escribía no número 11 coa entrada triunfal de Endesa os ponteses están convencidos de padece-la máis brutal invasión colonial que poida darse. A canto problema haxa por Galicia —decíase entón— nas Pontes sempre poderá engadirse un problema máis: o de telos todos xuntos. Por se houbera dudas, agora pode pensarse que tamén existe nas Pontes o gran problema da era nuclear, a radioactividade.

Unha homenaxe a Castelao

TEIMA trata de servir de canle prá organización dunha homenaxe a Castelao no 27 cabodano do seu pasamento. Téntase que sexan os propios lectores —e non lectores— quen elixan unha comisión organizadora composta por cinco membros e decidan, aportando suxerencias, o xeito de homenaxe que coiden máis efectivo. Durante un prazo de dous meses, TEIMA publicará semanalmente boletíns de voto coma o que se adxunta. Utilíceo, se fai favor.

COMISION ORGANIZADORA DO HOMENAXE A CASTELAO

Desexaría que estivera formada polos seguintes señores:

- 1 Ramón Funeiro
- 2 Xosé M. Beiras Torrado
- 3 Camilo Nogueira
- 4 Celso Emilio Ferreiro
- 5 _____

XEITO DE HOMENAXE

Entendo que o millor xeito de homenaxear a Castelao é:

Erguerlle un moimento

Outros (especificar)

Actos por toda Galicia para dalo mellor a coñecer

NOME: _____

enderezo
DIRECCION: _____



«A Caixa de Vigo» é a primeira entidade de creto e aforro na provincia de Pontevedra

E, SI SE PARA A PENSALO,
NON E NINGUNHA SORPRESA PORQUE...



Ten **MAIS**
contas de aforro:
670.000
imponentes

Custodia **MAIS**
depósitos de aforro:
33.000
millóns

Concede **MAIS**
cretos e inversións:
32.000
millóns

Sostén **MAIS**
obras sociais, con
250 millóns
de custo anual



Caja de Ahorro Municipal de Vigo

Autorizado por el B. de E. en 24/2/1977



LINGUA

Contra o asimilismo: Un artigo da revista «Vida escolar»

No último número (181-182) da revista «VIDA ESCOLAR» que acaba de ser distribuída neste pasado mes de febreiro e que é editada polo Servizo de Publicacións do Ministerio de Educación y Ciencia, publica Javier Crespo Berisa un artigo que titula «Educación bilingüe en los Estados Unidos». Dado que a revista ten unha ampla difusión xa que se distribúe gratuitamente entre os mestres do Estado español e que por outra banda a ideoloxía que subxaz non devandito artigo non semella ser moi inocente, coído que é merecente doutro artigo que, ó menos, expoña ideas diferentes.

O traballo de Javier Crespo é, por un lado, unha apoloxía da educación bilingüe; e polo outro, unha tentativa de xustificala, expoñendo os criterios seguidos en USA.

A política da educación bilingüe en USA ven dada pola «Bilingual Education Act» do 1967 e que vai especialmente dirixida non só a pequenas comunidades incrustadas en América, senón a comunidades máis amplas, coma por exemplo os chicanos. Os seus obxectivos primordiais son:

1.— Proporcionar unha igualdade de oportunidades en canto a educación ós nenos que non dominan o inglés.

2.— Afianza-la educación e a propia estimación dos alumnos bilingües.

3.— Promove-la aprendizaxe de segundas linguas entre todos os estudantes.

Argumentan certos pedagogos «made in USA» en favor dos devanditos obxectivos que:

1.— Os nenos que reciben unha educación bilingüe promocionan mellor no sistema escolar e renden máis en diversas materias.

2.— Os nenos chegan a dominar mellor tanto o inglés como a súa lingua materna.

3.— Cando o sistema escolar recolle a lingua e a cultura dos alumnos, estes adquiren unha imaxe máis positiva de si mesmos, o que pode traducirse nunha mellor adaptación e integración social (na sociedade americana).

Aparentemente, tanto os obxectivos propostos como as razóns dadas en defensa dos mesmos poden parecer atractivos e desexabéis. Pro como

xa dixen non penso que o propósito sexa moi inocente, xa que semella se-la exposición dun posíbel modelo a seguir no estado español; e por outra banda, a repetida coincidencia con argumentos que dende hai tempo se veñen verquendo no noso país sobre o «bilingüismo» e máila «cooficialidade», non é conveniente xa criticar senón desenmascarar certas posturas.

Trátase a fin de contas, segundo os obxectivos da «Education Bilingual Act» de:

a) Introduci-lo inglés e máila cultura anglosaxona cunha maior eficacia, ó mesmo tempo que se pretende millora-lo rendemento escolar dos alumnos «bilingües». (Aquí temos que entender por «rendemento escolar» un camiño pra unha maior e mellor integración do neno no mundo capitalista).

b) A adaptación e integración social dos alumnos, non no seu propio mundo ou comunidade, senón na sociedade americana «stándar». Trátase pois de que os chicanos, por exemplo, emprendan o magnífico «american way of life».

Exemplos desta política son xa vellos nos USA. Segundo o mesmo artigo de Javier Crespo, na Constitución do Estado de Nuevo (New) México, nas seccións 170 e 207, decretábase que obrigatoriamente tódolos mestres debían de recibir-la súa instrución en «español» e en «inglés» e ademais que tódalas leis foran dadas por un período de 20 anos en inglés e en español. Naturalmente, despois de 20 anos daránsese somentes en inglés. O bilingüismo é manipulado aquí, coma un arma desintegradora da lingua e da cultura mexicana en favor dunha maior penetración e eficacia da cultura e lingua inglesa.

Sería obveio explicar que a política da Bilingual Education Act ten como «suxeito paciente» a chamada «cultura da pobreza» que casualmente é unha das zonas en donde hai bilingüismo. Anque Javier Crespo fala de diglosia e de biculturalismo, en realidade toma estes fenómenos coma se fosen «naturais», produto das «necesarias relacións históricas». Pola contra, o biculturalismo, no marco do cal se produce o bilingüismo (diglosia) traduce sempre antecedentes políticos. Hai sempre detrás del unha etnia anfitrióna e unha etnia invasora. O resultado desta relación entre etnia in-

vasora e etnia invadida é sempre, ou cáseque sempre, a perda continua da etnicidade desta última. O resultado final, pode ser, despois dun longo período caracterizado polo biculturalismo e a diglosia, a perda da propia cultura e da propia lingua da etnia anfitrióna.

O trata-la diglosia e máila biculturalismo coma un problema somentes pedagóxico ou estritamente lingüístico (cando non arqueolóxico) é unha postura claramente reduccionista e falsificadora. No fondo, e como xenerador de tales situacións diglósicas e biculturais, está sempre un poder centralizador (un Estado) que nun proceso de «digestión» envía e de deglute as linguas e culturas alóxeñas.

E o chamado nacionalismo da nación opresora. (De tódolos xeitos non é absolutamente necesario (non lle é necesario) prá nación opresora o suprimila lingua e a cultura alóxeña na súa totalidade. Nun principio destruírá aqueles aspectos en que a lingua e cultura asoballada poidan interferir ou dificulta-los procesos de produción e de circulación das mercancías que os estados centralistas realizan no marco do seu propio territorio).

Remata o artigo de Javier Crespo cun canto e loubanza das ventaxas da educación bilingüe. Pra Crespo hai seis ventaxas:

1.— Non interferi-los procesos de maduración e desenvolto infantil.

2.— Unha escola máis humana que axude ó neno a se formar unha imaxe positiva de si mesmo.

3.— Salvagarda-lo patrimonio lingüístico do país.

4.— Millora-la aprendizaxe da lingua nacional (o inglés).

5.— Facilitar un mellor rendemento escolar.

6.— Evitar posibeis prexuícios no desenvolto intelectual e na aprendizaxe da lingua materna.

En abstracto parece que nada hai que opoñer a estas ventaxas. Pro se as analizamos en concreto e as referimos por exemplo a Galicia, a cousa cambia de cor. Nefeuto, aínda que as «ventaxas» que Crespo enuncia son ren realidade unha soa grande «ventaxa», interésame relacionar entre si algunhas delas. Por exemplo a primeira, a cuarta e a sexta son 3 aspectos do mesmo problema: pretender non interferi-la maduración infantil ó mesmo tempo que eliminar prexuícios con respecto á propia lingua «vernácula», e ademais, e todo por xunto, facilitar unha mellor aprendizaxe da lingua nacional (é oficial polo tanto: o inglés). Se entendo ben a dereitas trátase do seguinte: nas comunidades «bilingües» educarásese primeiro ós nenos na súa lingua (a vernácula) e despois introducirásese a lingua do Estado, e con este proceso facilitarásese unha mellor integración nacional (estatal). Pro, con respecto á lingua e cultura

«vernáculas» nada se modifica senón que todo se pervirte.

A lingua e a cultura que sobrevivirán neste proceso son a lingua e a cultura do Estado, xa que é nesa lingua e nesa cultura onde o modo de produción, neste caso «capitalista», se expresa. Non se trata, polo tanto de salva-la lingua e cultura autóctonas, ou como di Javier Crespo na ventaxa 3.ª «o patrimonio lingüístico do país» senón de provocar, sen moitos traumas aparentes, o paso da lingua e cultura orixinal a unha lingua e cultura alleas e impostas polas condicións do modo de produción capitalista.

Argumenta o noso autor coa posibilidade dun bilingüismo e dun biculturalismo estabéis. Nada máis falso. O único bilingüismo estábel é o que se dá cando se aprende unha segunda lingua escolar (por exemplo entre nós o inglés ou o francés do bacharelato). Chámase a este bilingüismo, bilingüismo coordinado, equilibrado ou estábel xa que non se produce no marco do biculturalismo. Polo contrario ó bilingüismo que se produce neste marco bicultural chámalle ós psicólogos bilingüismo composto e os sociólogos da lingua, diglosia. De estabilidade, nada.

A diglosia é sempre un proceso moi polarizado que ten coma únicas solucións a normalización da lingua asoballada ou a súa substitución pola lingua asoballante ou da etnia invasora. A normalización da lingua asoballada (ou mellor dos asoballados) significa o uso desta lingua como lingua de integración (nacional) na propia comunidade, é nun primeiro momento, o uso da lingua da etnia invasora (entre nós, o castelán) como lingua de relación cunha comunidade máis ampla. Neste proceso, argumentarásese, haberá sempre bilingüismo, pro hai que engadir que este bilingüismo producirásese sempre a nivel individual e non colectivo. Máis claro: o modo de produción lingüístico, por exemplo en Galicia, maniféstase como diglosia a nivel colectivo e como bilingüismo (composto) a nivel individual.

Non é polo tanto, o bilingüismo en si o que ten ventaxas ou desventaxas, é sempre a situación (bicultural ou non) quen determina as posibeis ventaxas ou desventaxas, se se quera utilizar un término tan comercial como é o de «ventaxa» (que é un derivado de «venta»).

A finalidade do bilingüismo como política educativa é sempre favorecer unha lingua con respecto a outra. No noso caso, favorece-lo castelán en perxuício do galego, se é que aceptámo-la política da «Bilingual Education Act», que ben pode selo modelo a importar dentro do Estado español.

E está, por exemplo, a postura de lingüistas de tanta sona como Rossemblat ou Tovar cando argumentan falando dos indios de México que «Hay un millón de indios en México que non saben que son mejicanos».

A pesca: Unha industrialización pra Galicia

O sector marisqueiro en Galicia é un dos casos máis claros de economía dependente. Responde ó modelo de artellamento que xira arredor da produción de materias primas ou produtos en bruto, e a súa posterior exportación ás zonas desenroladas do Estado español e máis do estranxeiro.

O mariscador traballa arreo durante varias horas, nas peores condicións que se poidan maximar; colle un caldeiro ou dous de berberecho ou ameixa e malvéndoo alí mesmo na praia, a un comprador que agarda cómodamente que lle traigan o produto, e regatea cada peseta que paga pola medida. Pro tamén este comprador é explotado á súa vez polos grandes asentadores de marisco nas grandes cidades, ou ben polos empresarios conserveiros, dos que moitas veces actúan de intermediarios.

O marisco é colleito irregular e irracionalmente, e están por isto esgotados xa varios bancos e xacementos naturais, de enorme produción no pasado. Vaise camiño tamén de esgotar progresivamente o resto, a base de marisqueo furtivo e colleitas intensivas e incontroladas.

Tanto o berberecho coma a ameixa, coma o longueirón e outros moluscos bivalvos colleitos na praia, son recursos biolóxicos, e xa que logo, a súa explotación socialmente racional ten de se basear no máximo aproveitamento dos coñecementos que teñamos sobre da súa reprodución, sobre das súas condicións de vida e de crecemento. Isto no significa outra cousa que planifica-la explotación destes recursos, de xeito que a súa produción poida quedar asegurada arredor de certas cantidades co máximo de seguridade.

A única planificación que ten hoxe racionalidade social, é dicir, que vai dirixida a satisfacer as necesidades de toda a sociedade nas mellores condicións pra os traballadores, é a planificación socialista. E a planificación socialista en Galicia implica o plantexamento dun programa socialista pra Galicia, e máis a existencia dun Goberno Galego Socialista que o leve a cabo.

Unha planificación deste tipo, se houbera as condicións políticas que a fixeran viábel, batería con dous atrancos fundamentais pra ser plantexada con posibilidades de realización efectiva no marisqueo:

Traballo conxunto do Equipo TRASMALLO, coordinado por Xulio X. Pardellas (II) O marisqueo de praia

—O sistema de vedas
—O excesivo número de mariscadores

a) O sistema de vedas non responde hoxe a ningún criterio biolóxico, e de feito pode ser variada a criterio das mesmas autoridades que as impuxeron: as Autoridades de Mariña.

As vedas cumpren hoxe o papel principal de servir ós intereses dos conserveiros e dos compradores en xeral. Os primeiros, porque adaptan a recolleita ós seus plans de produción, podendo así traballaren a tope en certos meses e colleren traballadores non fixos (xeralmente as mesmas mulleres que marisquean), ás que non pagan Seguridade Social, e ás que tamén, pola súa condición de interinas, poden botar fóra cando lles pete. Os segundos, porque a grande cantidade de marisco colleito nos primeiros días de aberta a veda, fai que o precio baixe, cousa que en troques non repercute no consumidor, porque o comprador ten depósitos onde gardalo e distribuílo ó longo do ano, asegurando fortes beneficios.

O marisco de praia non necesi-

a a recolleita exclusiva de individuos adultos, que xa desovaron, quedando deste xeito asegurada a súa reprodución biolóxica.

Por outra banda a produtividade natural das nosas rías é abondo grande como pra non necesitaren ningún tipo de cultivo artificial, necesitándose únicamente labores de limpeza das praias de algas e predadores, e se cadra traslado de crías dende lugares onde as condicións especialmente favorables provocaran fixacións excesivas, que poderían producir mortes improdutivas, a aqueles outros lugares que fora interesante recuperar, ou ben que non posean condicións tan favorables pra fixación.

b) O sistema máis rentábel pra selección do marisco de praia é a recolleita mecánica. Isto é, un sistema de tubos que absorba area e a pase por unha peneira, da que a malla deixe pasar os grans de área e máis crías, retendo pola contra os individuos maiores de certo tamaño, que sería o comercial.

É evidente que pra utilizar este sistema hai man de obra demáis

Esta análise lévanos a afirmar que a planificación do marisqueo comeza pola eliminación da múltiple explotación a que se ven sometidos hoxe os traballadores do mar e de terra, obrigados a traballaren coa mesma inseguridade en ámbolos dous lugares.

Unhas conserveiras traballando todo o ano a pleno rendemento, artelladas coa recolleita do marisco, deben dar emprego ben pagado e fixo a unha parte da xente que hoxe vai marisquear por necesidade e non por profesión.

Unha explotación racional e tecnificada dos recursos biolóxicos da praia darían emprego a outra parte dos traballadores, que vivirían profesionalmente desactividade.

Un artellamento socialmente racional e planificado das demáis actividades relacionadas co marisqueo, crearía máis postos de traballo na fabricación de maquinaria e nas industrias complementarias e auxiliares. Isto somentes ten cabida nunha concepción integral de todo o sector pesqueiro que inclúa actividades no mar e na terra.

Finalmente, isto só é posíbel se os xornais dos traballadores nunhas e noutras actividades non crean desequilibrios, que desartellen de novo a regularidade da produción.

Estes poden ser algúns dos elementos básicos dun programa de planificación pró marisqueo. O que significaría a súa industrialización, ben por melloras técnicas na propia actividade, ben pola implantación de industrias auxiliares e complementarias das xa existentes. Isto supón un aumento dos postos de traballo, eliminando a explotación múltiple dos traballadores e incrementando a riqueza de Galicia.

Todo elo dentro das condicións políticas que farían isto posíbel, isto é, a xestión democrática polos propios traballadores, tanto da produción e distribución, coma de tódalas decisións que integre o plan.



FALLA DE CRITERIOS RACIONAIS DE ESPLORACION

ta vedas tan longas, e mesmo e perxudicial non recollelo nos meses do vran, nos que a forte calor fai que morran moitos individuos xa de talla adulta, que deste xeito non son aproveitados. A época que, se cadra, necesitaría unha veda sería o principio da primavera, na que é moito meirande a fixación de crías e unha recolleita por medios mecánicos podería dañalas.

O único que precisa a explotación racional do marisco de praia é a selección do tamaño, é dicir,

nas praias. Mais, analizando a composición da xente que hoxe marisquea, vemos axiña que moitos deles non son profesionais, é dicir, que pra eles o marisqueo é unha forma de pluriemprego.

Resulta lóxico pensar que unha traballadora das conservas, se for ben pagada e tiver seguridade no seu emprego, cecais non estivera tan disposta a baixar á praia e dobla-lo lombo enriba do sachos, cos pés na humidade, pra tirar apenas algúns cartos máis do que cobre na fábrica.

Doentes están as xentes de Negreira por culpa da Educación dos seus fillos. Os paus do seu mosqueo van bater dende o director do grupo escolar («tanto que fala e ninguén o entende») e máilos mestres («máis amiguiños das vacacións que do traballo») hastra o mesmo centro («con tantas pingueiras como horas de clase»). Así as cousas, «moitos pais preguntámonos se paga a pena que os nosos fillos perdan tempo en asistir ó colexio».

Negreira

Un colexio que manda chover na Habana

Don Manuel Rodríguez Avella é o director do grupo. Del non hai veciño que diga que sexa home pouco amigo de ofrece-la súa colaboración e máilo seu apoio a canta iniciativa tente de millora-la marcha do colexio. Pro tamén aseguran que «o que se dí facer algo, pouco máis fai que frota-las mans e decir «¿verdad?». Don Manuel ten certa sonda de ser moi falador, deses homes cos que hai que botar media hora pra unha cousa que non deba levar máis de cinco minutos.

Houbo un tempo no que don Manuel tivo moi mal as cousas por Negreira: fora daquela cando, por tanto un rapaz, rematara por lle arrincalo lóbulos dunha orella. Por eses días, os veciños souberon que, sendo mestre, ó señor Rodríguez Avella houberon de tira-lo ó mar, pola parte de Cambados; e, en Esteiro, fora a Garda Civil quen o librara dunhas labazadas que lle tiñan preparadas.

«As veces, non hai quen dea entendido a este home. Por exemplo, cando fora da primeira xuntanza pra constitución da Asociación de Pais de Alunos, ó ve-los nosos estatutos enriba da mesa, ocurriuselle ofrece-lo cámbio por uns que levaba moi gardadiños no peto de dentro da chaqueta. Talmente como se fomos nenos xogando ós cromos».

OS MESTRES

Un dos problemas máis graves que ten Negreira hoxendía pra soluciónalos atrancos que aforgan o colexio é a tensión que hai entre pais e profesores. «Nós non estamos contra dos mestres, porque nin podemos nin queremos. Sen

eles é imposible tirar pra adiante e, a tal división, quen a pagarían serían os nosos fillos». Din que hai mestres bos, pro hoxe ninguén —dende Negreira até as aldeas e os lugares— fala ben deles. Polo que parece están máis afeitos a vela Agrupación como unha oficiña á que se vai pra cubrir unhas horas que a traballaren cos rapaces de cara a potencia-las súas capacidades.

Cando fora da folga dos mestres, mentres nos outros lugares aproveitábase o tempo pra discutir los problemas dos centros a espallalas razóns da folga entre os pais dos rapaces, en Negreira foron auténticas vacacións prós profesores. Aínda máis, ós catro días desta semana de festa, colleron outro día pra ir a Santiago de peregrinación.

«Hasta hai dous meses, os profesores deixaban os rapaces no recreo ó pechada a porta. Os rapaces, sen posibilidade de iren ós servicios, remataban por facer tanta necesidade tiñan polos cornechos. Cando chovía non tiñan máis remedio ca mollarse por non poderen entrar a cuberto. Os rapaces máis vellos dábanlles uns brazaletas pra que fixeran de policías dos seus compañeiros máis cativos. Hai dous meses e por un só voto, os mestres decidiron turnarse —de dous en dous— na vixilancia do recreo dos rapaces e tamén xa os deixan quedarse nas aulas nos días de auga».

O COLEXIO

Un mal de ollo ben grande, debéronlle botar á Agrupación Escolar de Negreira, que se non fora así

non é doado explicarse cómo as cousas xa foron tal mal dende o seu nacemento. Resultou que a arquitecto foi unha muller levantina que non tivo millor idea que facer unha construción de tellado liso. Pouco tardou a auga en formar tanta pingueira quixo. Por se fora pouco, os

a quen pedir explicacións porque cada quen pasa a bola ó outro, e así, entre todos, a casa segue sen barrerse ou —o que o mesmo— o colexio sen luz.

Por culpa de non haber luz, non pode haber colexio polas tardes, non pode haber comedor, e un equipo de material escolar —valorado en cinco millóns de pesetas— dorme un sono que xa dura case un ano.

«Como os nenos non téñen colexio polas tardes, pois andan medio día tirados por ahí adiante, de moi antes, sen nada que faceren. Se non queremos que perdan tanto tempo, non temos máis remedio que lles por clases privadas».

«Por culpa de non ter comedor, e do mal que funciona o transporte —en algures recollen os rapaces cunha hora de adiantito sobre a entrada nas clases e déixanos unha hora despóis da saída— hai nenos que están dende as nove até as tres da tarde sen bocado e así non hai quen poida render nas clases».

Por se estes males xa non falan moi ben de como están as cou-



NAMENTRAS, OS NENOS DE MOINANTES

planos fixéronse sen ve-los terreos: tendo moito desnivel e planificado o colexio como se fora todo unha chaira, face-lo desmonte costou tanto como a metade da obra total.

Un feito decisivo vai marcar tódolos problemas do grupo: Educación e Ciencia négase a recibilo grupo porque non hai luz, pro autoriza o funcionamento do centro. Un ano despóis de estarensen a dar clases, aínda non hai luz: entre o construtor, o instalador, Industria, Educación e Ciencia, a xente non sabe

sas do ensino por Negreira, resulta que hai todo un señor grupo, xustifíño fronte do outro que leva tres anos sen utilizarse pra nada. Disque fa ser pra impartir BUP, disque pra Formación Profesional de segundo grado, disque pra Colexio Familiar Rural, pro nada disto foi certo. A xente gustarlle que servira pra algo; pró coa experiencia da Agrupación Comarcal por diante din que «por favor, que non caía as mesmas mans».

Nas vísperas mesmas da legalidade, os sindicatos que operan en Galicia estaban moi perto de resolve-lo problema que no seu día se lles plantexou ós partidos: faceren balance, evaluaren as feridas da represión e a clandestinidade e encararen a nova situación. A semilibertade condicional da **reforma** parecía propiciar —hai tres semanas, agora— un primeiro de maio algo menos aporreado cós corenta anteriores, e as centráis sindicais, máis preocupadas xa polos ficheiros de afiliados que pola acción da ex-BPS, ampliaban a súa rede burocrática cara un futuro difícil e esperanzador a partes iguais. ANXEL VENCE reuniu documentación histórica pra logo falar con representantes de todas elas. Veleiquí o informe.

Traballadores

Primeiro 1 de maio en libertade condicional

A. VENCE

Vencidos sen tempo apenas prá resistencia, os traballadores galegos entrarían na súa longa noite de pedra —con pasadelos de paseo, cadea e paredón— días despóis do 18 de xullo de 1936. Denantes desa data, a situación sindical en Galicia era apenas unha reprodución, na correspondente escala, da que se daba no conxunto do Estado: predominio da Confederación Nacional do Traballo e a Unión Xeral de Traballadores no sector industrial e fenómenos máis ou menos específicos noutras ramas. Tres anos de guerra de retagarda abondaron pra desface-las estruturas das grandes e pequenas centráis mediante a desaparición ou aniquilación física da meirande parte dos seus cadros. Empezaba daquela unha era *imperial* na que as grandes palabras desplazarían dos dicionarios políticos conceptos tan elementáis —tan vulgares— coma *salario*, *folga*, *reivindicación* ou *obreiro*. A semántica nacional-sindicalista convertíu a Galicia —coma ó resto do Estado— nun país de produtores obrigadamente azúis por vía da C.N.S.: aquel experimento corporativo agachado baixo o nome de «sindicatos».

Nestas circunstancias, o movemento obreiro, coma os obreiros mesmos, apenas puido sobrevivir nos seus mínimos vitáis. A represión continuada conseguíu abortar durante as dúas primeiras décadas de existencia do novo réxime, tódolos intentos de reconstrución ou organización de base. Sería xustamente no vinte cabodano da ditadura cando algúns anarquistas, vellos militantes da C.N.T., provocaran os primeiros movementos reivindicativos da posguerra. A forzosamente dócil prensa daquel 1959 non puido recoller nas súas páxinas as folgas de «Reyman», «Tranvías Eléctricos» e «Barreras», que —ori-

xinadas pola recente Lei de Convenios Colectivos— inauguraban toda unha escola de loita obreira na meirande cidade industrial de Galicia.

Tres anos despóis, en 1962, producíranse os primeiros paros de solidariedade. A famosa *folga de Bandas* en Euskadi (primeiro gran conflito da posguerra no conxunto do Estado) provocou reaccións breves e intermitentes —pro significativas— no país galego. Cecáis influíu, entre outras cousas, a circunstancia anecdótica de que na súa dirección estivera un bó fato de paisanos emigrados, xa daquela, ós centros industriais vascos.

CC.OO. E O SINDICALISMO NACIONALISTA

A finais do sesenta e sete, en coincidencia cun dos primeiros períodosseudoliberalizadores do réxime, Comisións Obreiras

comeza a actuar como aglutinante dos diversos movementos obreiros de base existentes por aquel entón, incluídos os de carácter nacionalista. «A primeira bandeira galega que eu víñ na rúa —recorda un dos homes que viviron aqueles días— levábaa un grupo de obreiros». CC.OO. naceran en Galicia con parto retrasado respecto do resto do Estado español. Viviron a súa fase *espontaneísta* entre os anos 1962 e 1966, ano en que se forma na Bazán do Ferrol a primeira Comisión Obreira con algunha continuidade. Facían parte dela xa homes tan significativos coma Rafael Pillado ou Xulio Aneiros. Parelamente xurdiron comisións nas vixuesas «Barreras» e «Vulcano».

Pouco duraría, nembargantes, a unión dos movementos esencialmente nacionalistas cunhas CC.OO. case totalmente controladas polo Partido Comunista en Ferrol e fortemente influídas por él en Vigo. En 1968 escíndese *Galicia Socialista*, grupo que —segundo algún historiador— tivera a súa orixe nas organizacións obreiras católicas reforzadas por membros do

frente obreiro da UPG. Ramón Reboiras, morto pola policía en agosto de 1975, era un dos promotores dese frente.

O final da década dos sesenta é o momento en que empezan a perfilarse definitivamente as estruturas das centráis sindicais que hoxe operan en Galicia. Tra-lo nacemento de *Galicia Socialista*, que remataría por ingresar na UPG —dous dos seus dirixentes pasaron ó cumio da organización— unha nova escisión en CC.OO. da orixe á Organización Obreira (O.O.), grupo formado nun principio por disidentes das Xuventudes Comunistas viguesas. Conversas entre a O.O., Galicia Socialista e o frente obreiro da UPG darían por resultado a desaparición do primeiro dos grupos, ó integrárense na *Unión* os militantes nacionalistas da O.O. e pasaren os demais a constituí-la Organización de Marxistas-Leninistas de España (OMLE). Algún dos antigos militantes desta última organización foron detidos nos primeiros meses deste ano como presuntos membros dos Grupos de Resistencia Antifascista e Patriota (GRAPO).



A DESFEITA DAS CENTRAIS HISTÓRICAS

As centrais históricas, no entanto, marchaban moi por trás das novas organizacións sindicais xurdidas tra-la guerra. A Unión Xeral de Traballadores mantiña pequenos núcleos de militantes no seu tradicional reduto de Foz e algúns membros da *vella guardia* noutras zonas. A Confederación Nacional do Traballo non supoñía tampouco incidencia destacábel no que xa comenzaba a anunciarse como potente movemento obreiro galego. Xunto a elas,

unha nova central de carácter socialista e autoxestionario —a Unión Sindical Obreira, USO— daba a coñece-las súas siglas en Galicia. No ano sesenta e oito, algúns traballadores de Ferrol, Pontevedra, Coruña, Vigo e Lugo reclutan os primeiros militantes cara á creación dunha infraestrutura de base, tarefa que lles ven facilitada polo papel protagonista que a USO desempeñou no caso dos silicóticos de Cée, na Coruña. A organización denuncia públicamente o problema ó través dun clandestino «Libro negro de Cée» firmado polo «Poder Obreiro», órgano galego da USO, e consigo —entre outras milloras—

que se recoñeza coma doenza profesional a silicose. USO de Galicia sufriría fondamente as consecuencias dunha escisión a nivel estatal, no ano 1971, data en que quedou practicamente desmantelada. Cécáis foi esta a razón de que o novo sindicato xogara un papel secundario nas folgas de 1972, que supuxeron —a pesares do seu tráxico saldo de vítimas— o grande salto pró movemento obreiro galego.

O ANO 72

Os conflitos do setenta e dous

tiveron o seu punto de arrincada un par de anos antes. Xustamente en 1970, o sete de marzo, un paro de media hora na Bazán ferrolá deixa como balance os despedidos de Rafael Pillado (destacado membro de CC.OO. e hoxe home de cumio do PCG) e Xulio Aneiros. Nas manifestacións que se producen coma consecuencia chegan a participar hasta cinco mil traballadores. Os paros —intermitentes e de distinta intensidade— seguirían a todo o longo do ano.

Astano —os outros grandes estaleiros de Ferrol— incorporárase á conflictividade en febreiro do 1972, cunha folga que tivo como

resultado os habituais despedidos. Nembargantes, o motivo último que levaría á xornada do dez de marzo foi a imposición dun convenio considerado como inaceptábel polos traballadores da Bazán. A mañá do día nove, cinco enlaces que foran despedidos o día anterior por participar en paros intermitentes de media hora, tentaron, sen éxito, acudir ó traballo. Un deles —segundo contan as crónicas de aqueles días— recibiría incluso unha malleira por parte dos gardas da empresa. Despois de faceren unha breve sentada de solidariedade, os traballadores tiveron un primeiro encontro coa policía, que os botou da fábrica, detendo a algúns deles.

Na mañá do día dez, a Bazán amencéu coas portas pechadas. Os obreiros, sorprendidos pola medida, inician unha manifestación —producíranse xa algunhas o día nove— cara ó centro da cidade. O chegaron á ponte das Pías saélles ó paso un importante destacamento da Policía Armada: cen homes, aproximadamente. Segundo parece, os traballadores lanzan algunhas pedras contra as forzas do orde diante de que estas comencen a disparar sobre a masa central da manifestación. Morren cáseque no momento Amador Rey Rodríguez —38 anos, catro fillos— e Daniel Niebla García —38 anos. Entre trinta e cincuenta dos seus compañeiros resultan feridos, algúns deles de gravidade. A enfurecida reacción dos traballadores fixo que por primeira vez dende o ano 36 toda unha cidade estivera en poder da clase obreira. Coa policía nos seus cuartéis, a folga foi xeral: pechou hasra o comercio e os establecementos públicos namentres que unha comisión de traballadores visitaba ó gobernador militar pra lle pedir que non interviñesen os fortes destacamentos de infantaría de Marina da cidade. Días despois, nembargantes, concentráranse na cidade tódolos efectivos da Guardia Civil da zona ó tempo de que de Oviedo, León e Valladolid chegaban cáseque 1.500 policías. O mesmo dez de marzo, coa detención de trinta e seis persoas, comenzou a segunda parte da represión.

AS CONSECUENCIAS

Os ronséis dos sucesos de marzo —o mes e o día pasaban xa a ser punto de referencia prá historia do sindicalismo galego— extenderíanse a tódolos movementos reivindicativos do setenta e dous e condicionarían os dos anos seguintes. Tres días despois das mortes prodúcese a folga xeral —cáseque total— en Galicia. Baixo a convocatoria do PCG, os traballadores dos principais núcleos industriais gale-

gos entran en paro. En Ferrol e A Coruña levan a dirección da folga as CC.OO. máis directamente controladas polo Partido Comunista, mentres que en Vigo esa responsabilidade é compartida —a nivelis importantes— por forzas como aínda non disolta Organización Obreira, Galicia Socialista (con gran peso en fábricas como a Citroen) ou o frente obreiro da UPG.

En maio prodúciuse unha nova folga —circunscrita esta xa a «Barreras» de Vigo na que as principais novidades foron os plantexamentos claramente nacionalistas e revolucionarios, segundo afirman algúns dos que participaron nela. No mes de setembro, coincidindo cos procesos ós represaliados de Ferrol, iníciase —tamén en Vigo— un amplo movemento folguístico que acadaría as mesmas proporcións do que se producira medio ano antes. Galicia Socialista e o frente obreiro da UPG, organizacións que xa levaran a remate unha importante acción nos meses de xaneiro e febreiro, provocaron na factoría «Citroen» unha folga que entre o 11 e o 13 de setembro se extendería a tódalas grandes fábricas da cidade. Dezaséis mil obreiros chegaron a estar en paro. A represión foi grande —anque non sanguenta, coma no caso de Ferrol— e o saldo final de despedidos contárase por milleiros, moitos deles inda non readmitidos. A represión alcanzou por igual a tódalas organizacións que tomaran parte no desenrolo da folga: CC.OO. —que sufríu baixas

mesmo en Citroen— Galicia Socialista e FO-UPG.

Xustamente foi esta folga —a raíz da que se producirían as conversas xa citadas entre O.O., G.S. e FO-UPG, a que daría orixe e consolidaría os actuais sindicatos nacionalistas englobados na Intersindical Nacional Galega. «Contemplouse entón —di Lores, destacado membro da ING— a necesidade dun sindicato obreiro galego, dado que era a primeira vez que os obreiros tomaban a bandeira do nacionalismo, arrebatándolla á burguesía. Isto provocou unha crise dentro da UPG». Deste xeito comenzaron a xurdir, xa co seu actual nome e sigla, os sindicatos nacionalistas: Unión de Traballadores do Ensino Galego, Sindicato Obreiro Galego, Unión de Traballadores da Banca Galega, Unión de Traballadores da Sanidade Galega e Sindicato Galego dos Traballadores do Mar. Nalgunhas ramas, coma o ensino, estas novas agrupacións tiveron un medro espectacular durante os últimos anos.

A ESCALADA

A partires de 1972, o desenvolvemento e ampliación de cadros foi a constante xeral —anque a distintas escalas— pra tódolos sindicatos xa consolidados no país galego. Comisións Obreiras, que, en términos absolutos, foi a central máis beneficiada por este desenrolo xeral, edita boletíns informativos nas máis poboadas cidades. Produto

dunha das súas últimas crises foi o nacemento dos chamados «sindicatos unitarios» creados polo Partido do Traballo e a Organización Revolucionaria de Traballadores. Actualmente, queda dentro das CC.OO. maioritariamente dominadas polo PC unha corrente chamada «unitaria» que estaría baixo a directa influencia do Movemento Comunista e da Liga Comunista Revolucionaria.

Pola súa banda, os sindicatos integrados na Intersindical Nacional Galega conseguiron levar a remate varias folgas —coma a do transporte en Vigo ou a da construción en Lugo— que lle valeron sustanciosos aumentos no seu ficheiro de militantes.

A Unión Xeral de Traballadores e a Confederación Nacional do Traballo, sen moita base aínda e con escasísimo protagonismo nas accións dos últimos anos, agardan que a liberdade traia debaixo do brazo militantes ideolóxicamente afíns. A Unión Sindical Obreira, trala desfeita do setenta e ún, está en fase de recomposición.

Na raia da liberdade sindical, as posicións de saída son, pois, moi distintas, anque a nova situación pode alterar a medio prazo os esquemas e converter ós gañadores de hoxe en perdedores de mañá. De calquera xeito, son bastantes os que pensan que sen unidade, perdedor e gañador están claros e non teñen precisamente nome de central sindical. E a unidade parece estar tan lonxe...



Confesi3ns duns sindicais

	UNIDADE PLURALIDADE SINDICAL	AUTONOMIA CARA OS PARTIDOS	SECTORES ONDE ACTUA
UNION SINDICAL OBREIRA (USO)	<p>«Unidade sindical coas seguintes matizaci3ns: rechaz3mo-la unidade sindical imposta por decreto ou a que resulte dos acordos dos v3rtices das diferentes organizaci3ns sindicais. Polo contrario, pensamos que a unidade ten que vir tam3n co expresado na carta fundacional da USO, coa construcci3n dunha gran central sindical democr3tica dos traballadores (GCSDT), entendendo que a culminaci3n da unidade ter3 que ser froito dun proceso de debate e clarificaci3n 3o traves da pr3ctica da acci3n sindical unitaria.</p> <p>Entendemos que o sindicato 3nico 3 unha imposici3n que se fai sempre a unha parte dos traballadores, polo tanto, a historia as3 o demostra, 3 fin estoupa».</p>	<p>«O sindicalismo aut3nomo concr3tase na total independencia do Estado, dos patr3ns e dos partidos pol3ticos, entendendo o sindicato como un contrapoder que act3e como instrumento fiscalizador da xesti3n pol3tica, econ3mica e social».</p>	<p>«A USO, como organizaci3n sindical pretende actuar no conxunto de t3dolos traballadores asalariados».</p>
COMISIONS OBREIRAS (CC.OO.)	<p>«A maneira de facer super3bel a pluralidade sindical 3, 3o mesmo tempo, permitir unha orientaci3n socialista, 3 practicar un sindicalismo socio - pol3tico. CC.OO. 3 un sindicato unitario.</p>	<p>«CC.OO. defnese como un sindicato de novo tipo, de car3cter asambleario, aberto, democr3tico, independente e socio - pol3tico. Particip3u na primeira plataforma unitaria das forzas da oposici3n galega. Na constituici3n da Xunta Democr3tica particip3u unha representaci3n da s3a coordinadora nacional. M3is tarde, 3 crearse a T3boa Democr3tica de Galicia, CC.OO. particip3u nesta instancia unitaria».</p>	<p>«CC.OO. estiveron presentes dirixindo e desenvolvendo as princip3is loitas que se deron nos 3ltimos anos en Galicia. Acci3ns que van dende a defensa de reivindicaci3ns concretas en cada f3brica: convenios, plataformas reivindicativas, etc. hasta loitas de solidariedade. En Vigo e en Ferrol son incontabeis as acci3ns levadas a cabo polos traballadores encabezadas por CC.OO. xunto con outras forzas».</p>
UNION XERAL DE TRABALLADORES (UGT)	<p>«Hist3ricamente, fomos un sindicato unitario; nesa li3a pretendemos seguir. Percur3mo-la unidade. Pro a unidade pola unidade non ten senso pra n3s. Entendemos que esta debe darse desp3is dun proceso clarificador e de entendemento entre a propia clase traballadora, desp3is de conseguirla plena liberdade sindical, pra sen cortapisas nin atrancos de ning3n tipo, ser ela mesma quen decida libremente qu3 tipo de sindicato prefira».</p>	<p>«Total autonom3a do sindicato respecto dos partidos pol3ticos; anque, en moitas ocasi3ns, os sindicatos ter3n que loitar conxuntamente con aqueles que pola s3a tradici3n obrerista defendan 3 clase traballadora».</p>	<p>«A UGT 3 un sindicato de clase, polo tanto non ten sectores preferentes, loita por toda a clase traballadora pra defendela de t3dolos seus enemigos nesta sociedade opresiva e explotadora».</p>
INTERSINDICAL NACIONAL GALEGA (ING)	<p>«O noso obxectivo estrat3xico segue sendo a unidade sindical. Entend3mola como un todo homox3neo dentro dun marco galego. Non a entendemos como alianza entre distintas correntes d3ndic3is sen contar co que diga o conxunto dos traballadores galegos. No «Eixo» do 5 de maio de 1976 fal3base incluso dunha alternativa cara 3 unidade sindical. Isto non foi pos3bel porque as dem3is centr3is non estaban de acordo en chegar a autodisolverse pra formar este sindicato 3nico e galego. Entendemos, por outra banda, que unitarismo 3 o mesmo que pluralismo».</p>	<p>«Entendemos que o sindicato debe ser independente dos partidos e manterse nun nivel de organizaci3n distinto. Pro 3 l3xico que un militante dun sindicato poida militar 3o mesmo tempo nun partido. Neste senso, na ING hai militantes de UPG. De ah3 a que a ING sexa a s3a correa de transmisi3n hai, nembargantes, un abismo».</p>	<p>«Metal, transporte, industrias qu3micas, construcci3n. Estamos pr3cticamente en t3dolos sectores. O noso obxectivo dundamental 3 agrupar a t3dolos traballadores e asalariados de Galicia».</p>

NOTA: Non se inclúe neste cadro a alternativa da C.N.T. —os seus representantes non contestaron en tempo ó cuestionario— nin as dos sindicatos unitarios. As respostas de CC.OO. están tomadas dun documento de nove folios encol da organización, elaborado, a petición de TEIMA, polo seu secretario xeral, señor Amor Deus.

RAMAS DE MAIOR IMPLANTACION	LIQUIDACION DA CNS	FUNCIONAMENTO INTERNO	NUMERO DE AFILIADOS
<p>«USO ten actualmente maior incidencia no proletariado industrial, ensino, sanidade, etc., tendo asimismo a maior presenza nas zonas máis industrializadas de Galicia: A Coruña, Vigo, Ferrol, Pontevedra, etc.»</p>	<p>«Entendemos que como primeiro paso prá liquidación da CNS é necesario a conxelación inmediata de tódalas funcións da Organización Sindical na empresa e niveis superiores. Non como acaban de facer, cambeando as siglas das fachadas de C.N.S. por A.I.S.S. Esta liquidación ten que pasar, ademais, por unha verdadeira liberdade sindical, consistente no recoñecemento pleno de tódalas liberdades sindicais, devolución do patrimonio sindical ós traballadores, supresión da cuota sindical obrigatoria, convocatoria de eleccións libres e constitución de órganos de representación eleixidos ó través de asembleas por tódolos traballadores.</p>		<p>6.123 (data: 30-3-77)</p>
<p>«Pódese decir que o Sindicato Nacional das CC.OO. de Galicia está presente en toda a xeografía de Galicia, continuando o seu proceso de desenrolo».</p>		<p>«Trala celebración da Asemblea Xeral de CC.OO. de Galicia decídese non esperar máis a dar os pasos necesarios prá súa estruturación en sindicato de novo tipo. Esta decisión non era nova, pois a venda dos bonos era un primeiro paso pra fortalecer - los órganos de coordinación, é dicir, pra que os órganos de coordinación pasaran a ser, cada vez máis, órganos de dirección». Dirixe CC.OO. un secretariado de 20 membros. O secretario xeral é Manuel Amor Deus.</p>	<p>10.000</p>
<p>«Actuamos en tódalas ramas laborais, neste intre, con maior implantación entre os traballadores do mar e do metal».</p>	<p>«Pensamos que, desgraciadamente prá clase traballadora, non é real a liquidación da C.N.S. nin o poderá ser mentres, por unha parte desa clase traballadora se estea potenciando. Nós loitamos polo seu desmantelamento total.</p>	<p>«A UGT é unha organización fundamentalmente democrática, o que supón que os acordos das súas seccións, agrupacións e federacións sexan totalmente libres».</p>	<p>«Nunha situación de medra como a actual, sería inadecuado dar unha cifra».</p>
<p>«Temos unha liña coherente de atención ós sectores secundarios, que son precisamente os que máis sofren a opresión e o colonialismo. Deica agora, o protagonismo víñase dando en Ferrol e Vigo, e a clase traballadora galega é algo máis ca iso. O afianzamento da ING en Ourense, Pontevedra e as vilas é un feito».</p>	<p>«A liquidación da CNS non é máis ca unha pantalla que está sendo mantida polos cargos sindicais pra evita-lo xurdimento de sindicatos amarelos, pro na realidade están contribuíndo a que xurdan. Querren ter unha plataforma de afiliación. Prá clase traballadora isto é un dano evidente».</p>	<p>«Somos conscientes de que durante a ilegalidade a democracia interna non foi todo o grande que quixeramos. Agora, coa liberdade, as cousas cambean. Tódolos cargos son electivos e revocabeis».</p>	<p>«A evolución é moi grande neste intre. Hai días nos que entran listas de hastra 400 afiliados».</p>

sucede no país

Santa Lucía nos valla

O negocio dos mortos

Namentres na Coruña andan a voltas coa construción dun novo cementerio —no vello, no que está perto da Torre de Hércules, xa non hai terra nin nichos pra máis difuntos— axiña podería darse a coñecer un posíbel «affaire», con moitos cartos por medio, en relación cos seguros de enterramentos. Seguros que está a levar dende hai moitos anos, practicamente en exclusiva, a compañía Santa Lucía S.A., co domicilio social en Madrid e fundada no ano 1922. Son miles as pólizas que outras tantas familias —xeralmente, as de menos medios económicos— pagan relixiosamente tódolos meses pra ter a seguridade de que cando chegue a morte non lles falle o servizo fúnebre e o nicho.


Unha vila mariñeira, Camariñas, deuse de baixa cáseque en bloque dos seguros de nichos. No programa «Coruña ó mediodía», que emite Radio Coruña e dirixe o popular locutor Paco Docampo, un asegurado fala de supostas anomalías nas novas pólizas que a compañía Santa Lucía está a distribuir en substitución das vellas. Hai moitas chamadas de solidariedade. A TEIMA chegan novas queixas sobor do mesmo tema e unhas facturas sobor de esqueletas e coche fúnebre nas que se cobran uns cartos que, según os afectados, debería satisfacer íntegramente a compañía... ¿Qué sucede real-

mente? O tema cobra unha gran importancia dende o intre en que unha boa parte dos coruñeses pagan as cuotas de Santa Lucía. Anque non hai unha relación directa co caso que estamos a tratar, algunhas persoas recordan as denuncias sobor da especulación do chan dos cementerios en Bouzas-Vigo e noutras vilas de Galicia.

CEMENTERIO DA CORUÑA



MANOEL ABAD



¿ONDE VAN OS DEREITOS?

O de Camariñas é unha especie de rebelión dun pobo

contra unha suba de cuotas que consideran abusiva. A prima do seguro é agora mesmo de 265 pesetas mensuais. Os de Camariñas fixeron, como alternativa, unha cooperativa da que participa cáseque todo o pobo e que está levada polos mesmos veciños que se encargan de recoller unha cuota de doce pesetas semanais e que cubre tódolos gastos. «Era-decían a TEIMA en Camariñas— como empeñarse en vida pra que o enterraran a un». Pro os feitos denunciados pola radio en Coruña poden ter maiores consecuencias que unha simple baixa. Segun estas denuncias e queixas, cando este ano a compañía procedeu á renovación de pólizas, non se sinalan os dereitos e condicións que aparecían nos antigos suplementos —documentos complementarios das pólizas pro que separados destas non teñen valor—. Pra empezar, a lexenda que aparecía hastra agora de «Seguro de nicho familiar en propiedade» xa non ven nos novos papeis.

Nas novas pólizas dise que quedan anuladas as anteriores e, polo tanto, os antigos suplementos xa non teñen validez a efectos reais. Non

hai nada, pois, das sete condicións que aparecían no vello suplemento, das que cezáis a séptima era a máis importante: «Se reconece como equivalencia económica del derecho a la propiedad del nicho familiar, la que a la firma de este Suplemento se consigna en el mismo, y conforme a la cual se fija la prima correspondiente y, en su consecuencia, si posteriormente el valor del nicho contratado sufriera aumento, se le notificará al titular de la Póliza la elevación que corresponda a la prima que en lo sucesivo habría de abonar, y caso de no ser aceptada, seguiría pagando la convenida y al fallecimiento del primer asegurado que habría de ser inhumado en el nicho contratado, la Compañía quedaría liberada de esa obligación mediante el pago de la cantidad antes fijada como equivalencia del nicho, quedando rescindido este suplemento y subsistiendo únicamente en vigor las Condiciones Generales de la póliza correspondiente». «A nós —decía a TEIMA un dos afectados— o que máis nos preocupa agora mesmo é o que non se fale pra nada de propiedade familiar dos nichos cando levamos moitos anos pagando con esa condición, ¿quén nos asegura o que vai pasar no futuro cos nosos nichos?».

MORRER COMO DIOS MANDA

O servizo de enterramento que cubre a póliza está agora valorado en 25.000 pesetas. Noutro tempo, Santa Lucía S.A. tiña sona na Coruña de pagar todo o acordado «e aínda enriba dar diñeiro prós loitos». Hoxendá son frecuentes as queixas sobor de supostos recargos inxustificables nalgún dos conceptos incluídos no «servizo». A TEI-

MA chegaron algunhas facturas que prós denunciante amosarían un comportamento nada claro da compañía. Por exemplo, o *servizo de enterramento* contén o de *coche fúnebre*. Pois ben, nunha das facturas aparece un recargo de mil pesetas en concepto de «municipal dif.» que ó comunicante parecelle canto menos, desorbitado. «Cree-mos que se está a facer unha auténtica especulación co asunto dos mortos da que non sóio participa Santa Lucía». «Morrer —comentaba outra persoa— vai ser un luxo dentro de pouco».

As protestas, a sociedade respostou decindo que eran casos individuais e que podía haber un erro de transcripción. Prós afectados hai un problema colectivo xa que as pólizas son semellantes en tódolos casos. Despois de expoñerse o caso por Radio Coruña, a emisora recibiu a visita dun abogado da compañía moi interesado en escoitar as cintas grabadas e que aparentaba estar moi preocupado polo seu contido. Declarou que a compañía estaba disposta a facer de inmediato unha nota de aclaración cuxa que, no intre de redactar esta información, aínda non fixera. Habendo tantos millóns de por medio non se sabe de por qué tan longa espera. TEIMA tentou falar co delegado de Santa Lucía S.A. en Galicia pro este, moi alporizado pola chamada, dixo non ter poder pra facer declaracións en nome da compañía, que non estaba autorizado pra respostar a ningunha pregunta, deixando entender, de esquello, que pra él este era un problema individual. Nada aclarado, senón o contrario: miles de coruñeses escomenzan a preocuparse por un tema que esixe, xa, unha definitiva explicación ou, se procedese, investigación.

A Capela

Recetar a punta de pistola

De negarse moitas veces á asistencia domiciliar e de cobros indebidos a diversos labregos ven sendo acusado dende hai dous anos o médico titular da Capela (perto das Pontesdeume), municipio de máis de mil habitantes. Pro hai outras acusacións: ameazar cunha pistola a unha persoa de idade avanzada, obligar a firmar cartas de apoio como condición pra atender ós pacientes... Todas estas denuncias están expostas en cartas dirixidas a diversas autoridades. O mesmo vicepresidente da Mutualidade, Xosé María González Nieto, tense solidarizado cos veciños. «Dous anos —decía a TEIMA— sen atende-las queixas dos asegurados é moito tempo. O que me pregunto eu, ademais, é porque estas cousas se teñen que resolver sempre en Madrid».

Segundo as denuncias, o médico de A Capela cobra a moitos pensionistas —que por selo teñen dereito a asistencia gratuíta posto que o médico recibe do I.N.P. un bo salario por este concepto— trescentas pesetas por consulta «xa fora porque sí». Aparte supostas negativas á asistencia domiciliar, denúnciase que dende que apareceron as primeiras protestas —ben en cartas á prensa, ben a traveso do presidente da Hermandad, ben en octavillas escritas en galego— o devandito médico esixe que os pacientes firmen un escrito, que non lles dá a ler, antes de consualos. En caso de non firmar, non os atende. Contra estas acusacións apareceu unha carta na prensa firmada por vintese veciños e escrita en castelán na que se decía, entre outras cousas, que «todos nós pertencemos á Seguridade Social e xamais tivemos a menor queixa sobor dos servizos profesionais prestados por este médico, e mesmo os de índole extraprofesional. Debemos facer aclaración de que a maioría de nós, os firmantes, levamos catorce anos pertencendo ó seu cupo asistencial». «E unha pena —engadían— que as liortas persoais dalgúns compoñentes da Hermandad, liortas, por outra parte, que teñen a súa orixe en non poder doblega-la rectitude profesional do noso médico, provoquen unhas condutas de odio incontrolado».

Son moitas as respostas que recibiron os xornais a esta carta. Pra moitos veciños de A Capela a orixe da mesma non está nada clara, en razón, precisamente das denuncias anteriores. «Acudín á súa consulta —escribía Elías Paz Rey, que padece unha enfermidade de tipo respiratorio crónico— e foime presentado o escrito que menciono negándome rotundamente a firmalo por considerar que todo canto nel se verquía non se axustaba en nada á verdade e era unha artimaña urdida, sen dúbida, pra xustificar ante algún organismo oficial. Coma outros moitos fun ameazado pola miña negativa a firmar. As menciñas que normalmente me recetaba e ás que teño dereito de forma gratuíta, pois son retirado da Mutualidade de Autónomos, xa non me serían recetadas de novo e según as súas palabras «de agora en adiante debería ir buscando quen me atendese na miña enfermidade». Non lle din moita importancia ó asunto crendo que sen dúbida este enfado pasaría e eu podería seguir asistindo á consulta. Pro o día quince do presente mes de xullo (1976) cando a duras penas poiden chegar hastra o domicilio do doctor Varela pra ser atendido, este contestóume que non quería atenderme e que «aquelas non eran horas de consulta» (eran as 11,30 da mañá)». Remata o escrito coa pregunta: «¿qué é o que impide terminar con tanta tiranía?».

Agora estase a espera do resultado do expediente aberto en Madrid. Os veciños non parece querer castigos pró médico senón algo que en verdade solucione o problema: «que se declare A Capela «partido aberto» ou ben se nomee a outro médico máis pra atender ós asegurados do campo».

—Manolo, ¿qué tal che vai?

—Xa ves... Síntome moi ben, vai calorciño e os mirtos están xa case cheos de follas. Duchéime esta mañá, xantéi ben e estades vós onda min...».

Deste xeito comencéi a falar con Manuel Escariz Magariños, Obxector de conciencia, e no calabozo do Campamento de Wad-Rass, 55 (Madrid), dende o 23 de xullo de 1976, agardando un xuicio que non acaba de chegar. Como obxector, négase a vestir roupa militar, a sauda-la bandeira ou a cumprir calquera fórmula militar, e gasta barba.

Conversa con Manuel Escariz

A loita dos obxectores non finóu

ANA BARREIRO

Manuel Escariz nacéu un 2 de abril de 1950, en Ouzande (A Estrada). Os seus pais viven en Ferrol, o pai traballa na «Bazán» e ten outro irmán, máis novo, navegando. Ten parentes labregos pola parte da Estrada e Cuntis; alí, de neno, coméu papas millas e trigas, broa, freixós...

«Fun a un colexio de pago que non me correspondía pola situación dos meus pais e dábame rabia ir con roupa refeita xunto ós fillos dos ricos».

Tivo un anticipo da vida cuarteleira no seminario de Vilanova de Lourenzá e no de Mondoñedo, onde vestíu sotana dous anos. Cando saíu co bachiller superior feito, ano 67, os curas recomendáronlle que fose coñecer algo de mundo. Non voltóu.

Facendo «Preu» en Ferrol e primeiro ano de carreira en Santiago, levaba vida case de seminarista. Pro tamén, neste tempo —curso 68-69— vivíu o nacemento de «Voces Ceibes» e estivo na primeira «reunión ilegal» que se fixo en Filosofía arredor dos expedientados, no quente 68. A súa vida era tranquila e de poucos vicios. («A penuria económica dábame apenas pró tabaco de pipa, os abonos dos cineclubs e as películas de arte e ensaio do Principal»). Matriculado en Linguas Clásicas, dedicóu moi pouco

tempo ás clases, pro foi asiduo asistente por libre ás clases de Alonso del Real e conta que, nunha noite e como ún máis, chegou a asistir a partos. Non perdéu case exposicións, recitáis (recorda con agarimo os de Xosé Alfonso e Cilia) e, non digamos, concertos. Non mercaba revistas, mais tiña compañeiros que sí. Non tiña radio nin cassette nin tocadiscos; só tiña unha guitarra —as pedras da Quintana saben ben o que pesa e qué clase de música fai— e unha chea de amigos.

Di el: «Eses anos foron pra min o menos mal que podía facer nesta España cuarteleira, sempre provisoriamente instalado, nunca seguro de estar aproveitando o tempo, sen saber se tiña interés conseguir un título devalualo pra loitar dende dentro contra unha sociedade podre, sen saber se acabaría fuxindo do país...».

A VIDA DO CALABOZO

A Manuel podíase visitalo xoves e domingos, unha hora —de seis a sete—, no «Regimiento de Infantería Mecanizada Wad Raas-55». Moitas tardes non o deixaban saír do calabozo e os motivos que nombraban como impedimentos eran varios «que se teñen orde superior de que non saia», «que non está



MANUEL ESCARIZ, 27 ANOS

vestido e amañado dacordo co regamento».

Unha tarde que te achegas a velo transcurre deste xeito. Até as seis da tarde non deixan entrar ás visitas dos castigados no calabozo; algo despóis saen eles a un cadrado pequeno, rodeado de bancos de pedra e mirtos, ó lado dun xardinciño cativo e máis do Corpo de Garda. E o único lugar onde podes velos. Chova ou faga frío, non os deixan ir á cantina nin á sala de visitas. Durante este tempo catro soldados armados co C.E.T.M.E., situados ún en cada esquina, víxian ós presos. Normalmente, vai moita xente a ve-

lo Manuel, a meirande deles obxectores e simpatizantes.

Dende nadal prohibíronlle terminantemente as visitas mentres non se afeitase, pro ás veces había quen o deixaba saír. Ultimamente, quixo clarear esa situación ambigua pensando que lle levantarían a prohibición pro dixéronlle que non pode esixir uns dereitos ós que el mesmo renuncia ó non acepta-las súas obrigacións de soldado. Entón, negóuse a saír un día sí e outro non; tamén fixo saber ós seus amigos que non poderían volver a velo. Domingo de Pascua xa tiñan orde do coronel do campamento de que non podía saír se denantes non se afeitaba.

—¿Cómo pasa-lo tempo aquí?

—Lendo. A amabilidade da xente permítame ler con moita asiduidade «El País» e «Diario 16», e, con certa regularidade, «Triunfo», «Cuadernos», «Posible», algún que outro «Papus» e «Por favor». E despóis, as cartas. Esperando dun día pra outro a saída en Nadal —cando se rumoreaba tanto a ampliación da mini-amnistía—, fósime acumulando a correspondencia. O día que saia teréi que botar varias semanas contestando a todos eses amigos descoñecidos pra animalos a eles a que non afroxen na loita polos dereitos do home e a liberdade.

Hai uns meses atópanse na cadea outros dos obxectores: Vicente Amurgos Catalán (Málaga), e Jesús Fernández Etchegaray (Madrid). Jesús, incomunicado no cuartel, é obxecto do que poderíamos chamar unha fortísima chantaxe moral por parte da súa familia. Vicente foi privado da liberdade provisoria por non respetar formalidades xudiciais e agarda o consello de guerra que lle traía a amnistía.

Cando chego a falar con Manuel xa está no xardín, sorrise ó verme, son as seis da tarde e fai viruxe. Comenzamos a falar de cousas e cousas, da vida, da xente.

—Dende os 16 anos até hoxe foise cementando en min a idea de que unha boa cousa pola que vivi-la vida era a conquista de técnicas que fixeran inúteis as armas. O movemento dos obxectores parecíame moi razoábel e xa cando fun tallarme paséi uns días dándolle voltas ó asunto de negarme a face-la «mili» como maneira de racha-la cadea do servicio militar obrigatorio.

Lin os libros de Gandhi e a revista «Vida Nueva», dirixida por Martín Descalzo, que daba moita información encol da obxección de conciencia ó servicio militar. No 69 coñecín ós irmáns Berrigan, obxectores USA contra Vietnam. Antes e despois, letras, verbas, películas, xente, xente, xente. Todas estas cousas foron creando en min o carácter de obxector.

—Manuel, ¿cómo chegaches a esta cadea?

—E unha historia moi longa... O 20 de xullo do ano pasado lin no «Ya» do día anterior que en tal sitio había tal xente en folga de fame por tal condena a un tal obxector. Eu penséi: «pode haber un indulto; se me meten catro anos e o indulto é de tres, cumplo un». Fun pra aló, faléi cos mozos, decatéime da forza do movemento, aseguréime de que non

poderían tapa-lo asunto e que serviría de elemento de propaganda-presión. Escribílle unha carta-declaración ó capitán xeneral e entreguéime o 23 de Santiago con toda a boa intención de que me collera o indulto. Levaba, daquela, nove meses de «mili».

—Pro non houbo indulto ¿non sí?

—Non o houbo, anque o once de agosto quedéi en liberdade provisional, xa que me collía a amnistía, e paséi á Compañía. Despois dunha longa e inútil discusión co xuez e, máis tarde, co oficial da compañía, pra facerlles ver que non estaba disposto a volver á compañía, rematéi por aceptar ir á cociña. Cando vexo que así conseguía enterra-lo asunto, neguéime a seguir na cociña e metéronme outra vez no calabozo. Fixen unha folga de fame que durou seis días que rematéi o mesmo día que me comunican un segundo procesamento por nova negativa ó servicio militar e insubordinación.

—¿Hastra cando aquí?

—Pois non sei. De principio, parecía que non me botarían diante da licencia dos meus compañeiros. Despois, non resultaba imposible que estiveran retrasando o proceso pra que unha sentenza favorable non condicionara a Lei de Obxección de Conciencia que se estaba a piques de promulgar. Hoxe, antóxaseme que agardan á ampliación da amnistía pra sobreseer todo e non ter que celebra-los dous procesos. Así que estaréi aquí deica a celebración do segundo proceso, ou deica a amnistía, ou deica unha concesión de liberdade apoiada nun escrito que o defensor enviou denunciando a aplicación da amnistía que ten parado o primeiro proceso, ou deica a concesión graciosa da liberdade provisional...

—Manuel, ¿cál é hoxe a situación dos obxectores?

—Iso sí que é triste. Xa sabedes que o viño de Asunción... pois o goberno, tamén. A lei que sacaron o cinco de xaneiro deste ano di que os obxectores poderán substituí-lo servicio militar por tres anos de servicio civil, coa penalización de emigración rexional e control anual da calidade da conducta. O Movemento de Obxectores de Conciencia deixou ben clara a súa postura de repulsa diante deste decreto, deixando, iso sí, liberdade pra quen quixera acollerse a el, por causa de esgotamento na longa loita. O día primeiro de marzo finou o tempo de solicitude pra acollerse á nova lei. Agora mesmo, decenas de homes en todo o estado poden ser detidos por ser obxectores de conciencia.

A alternativa do servicio civil

M. ESCARIZ MAGARIÑOS

O Movemento de Obxectores de Conciencia é unha das ramas da arbre da loita pola liberdade. Obxectar é negarse a obedecer unha orde, un costume que un non remata de ver claro. O específico da obxección é teima-la creba da espiral da violencia, é facerse cárrego da propia responsabilidade na sustentación da explotación do home polo home. Teremos que rematar negándonos a paga-los impostos que van mantelas investigacións de «defensa» e demais gastos de armamentos e persoal. Queremos rematar coa guerra, cos millóns de mortos que lle costa ó mundo esta situación socio-económica. Porque a guerra non é máis cá continuación da política por outros medios; a guerra de tiros é a continuación de guerra de opresión, alienación, explotación, mentiras, inxusticias que os contribuintes sostemos coa nosa ignorancia, impotencia ou complacencia.

O servicio civil é unha etapa nesta loita. Urxe a existencia da posibilidade de elección entre o cuartel e a aportación desinteresada a paliar algunhas das innumerabeis deficiencias sociáis. Así o servicio civil ven ser:

- Un xeito de acción autoeducativa. Esiximos que sexa autoxestionado, autogobernado e libremente pactado co destinatario.
- Un xesto que anuncie unha distinta actitude fronte ó problema da paz, como resultado dunha xusticia auténtica.
- Unha alternativa ó desprendemento en favor da colectividade, representada polo estado, que quere se-lo servicio militar obrigatorio.



DEDICADO A
MANUEL
ESCARIZ
MAGARIÑOS,
QUE HIZO
OBJECCION
DE CONCIENCIA
EN EL CUARTEL.



OBXECTOR OS NOVE MESES DE «MILI»

Tarxeta impresa legalmente polo Movemento de Obxectores de Conciencia.

pobos ibéricos

Andalucía-Valencia

Preocupa a autonomía

As primeiras eleccións están marcadas nas rexións e nacionalidades pola busca de frentes, coalicións ou bloques que sirvan prá defensa dos intereses xerais. Non ía ser Andalucía unha excepción, e por alí circula o chamado «Manifesto dos Independentes» que ofrece a alternativa da constitución dun Bloque Electoral Democrático Andaluz.

Os «independentes» tratan de saír ó paso da fraga de siglas de partidos democráticos, ás veces de difícil distinción, sen deixaren de salienta-lo feito de que a confusión aumenta cos partidos que empregan fórmulas democráticas sen ser demócratas, «e que constitúen un claro exponente de forzas sociais culpabeis da falta de democracia, a dependencia e o subdesenvolvemento, causas últimas dos nosos males; e por tanto, responsabeis do paro, a emigración, a desindustrialización, a falla de comunicacións... lacras que fundiron Andalucía». Con este plantexamento, consideran inaxeitada o feito de votar á candidatura que máis se acomode á ideoloxía de cada elector. De ahí a alternativa de constitución dun Bloque Electoral Democrático Andaluz, «con candidaturas unitarias, compostas por membros de organizacións políticas e personalidades independentes, que tivera como fin esencial defende-los intereses do pobo andaluz e máis as súas aspiracións democráticas».

DEMOCRACIA IGUAL A AUTONOMIA

Prós «independentes» está moi claro que en Andalucía acadar unha situación democrática esixe un instrumento: a autonomía. «Os andaluzes debemos ter moi claro que pra nós democracia e autonomía son termos equivalentes».

O chamamento vai dirixido en primeiro lugar ós partidos políticos «sinceramente democráticos» «pra que consideren a posibilidade do bloque e elaboren un programa mínimo no que se recollan, ademais da presenza autónoma de Andalucía como rexión, as necesidades fundamentais pró desenvolvemento andaluz».

Tamén se dirixe ás forzas laborais, asociacións cidadás, culturais, profesionais, etc., e a tódolos andaluzes.

Os primeiros cincuenta firmantes confían en que os partidos políticos impulsados por este esforzo de converxencia «poderán obter un respaldo maioritario dos votos do

noso pobo», facendo así «un servizo precioso ó futuro da nosa rexión».

O documento impulsado por profesionais de moito prestixio en Andalucía e que segue recollendo firmas, expresa con claridade a idea de autonomía que se foi abrindo paso con forza, nos últimos tempos, impulsada máis que nada pola realidade negativa e desfavorábel do Sur, agravada por mil maneiras de explotación aberrante, paro, emigración, subdesenvolvemento, etc.

Por outra parte, aínda que non se diga non longo «manifesto», lèxase tamén a diferenciación entre os posibles partidos andalucistas e os chamados, terminoloxía igualmente imposta noutras nacionalidades e rexións, españolistas.

Claro que á hora das adhesións houbo e haberá sorpresas que en definitiva falarán da necesidade de clarificación das posicións políticas. Necesidade que de entrada forzou a saída do «manifesto». Hai moito «circo vicioso» na realidade política do Estado.

TAMEN EN VALENCIA

Algo semellante está a ocorrer no País Valenciá, onde miles de cidadáns firmaron xa o manifesto «Al poble valenciá», documento apartidario no que se esixe: a legalización inmediata dos partidos políticos, sindicatos e organizacións populares sen exclusións, amnistía total e reconecemento do dereito do pobo valenciá a se dotar libremente do Estatut d'Autonomía. Hai outros datos, que non deixa de salienta-la revista «Dos y dos», números 37-38, nun editorial titulado «As eleccións non deben enterra-la Taula». Por exemplo a convocatoria lanzada dende Valencia polas instancias unitarias da oposición nas nacionalidades, lanzando a celebración dunha quincena de mobilización e loita en favor dos Estatutos e o documento preparado por unha serie de personalidades dos Países Cataláns onde se di que «os obxectivos a corto prazo, as eleccións, non deben destruí-la mobilización popular e unitaria pola conquista das institucións propias de cada un deles, que encarnen as aspiracións dos respectivos pobos pra se dotar dun goberno propio».

O editorial remata decindo que a Taula, ou o organismo unitario que se cree, «debe converterse na opción a longo prazo na loita pola identidade e a autonomía do País Valenciá». Trataríase de que a unidade, algunha unidade, quedara en pé a pesares das eleccións, moi lonxe daquelas esixencias mínimas plantexadas dende as instancias unitarias naqueles primeiros tempos das chamadas «negociacións» oposición-goberno.

Pechou «Arreu»

Catalunya perde unha voz

Unha voz catalá quedou ronca, ló menos por un tempo. O semanario «Arreu» pechou as súas portas, o seu contacto cos lectores despóis de batallar durante seis meses, lanzando á rúa vintetrés números. Aparecera na derradeira semana do outono do ano pasado «cun certo boom de entrada —declarou a TELMA o seu xa exdirector, Xavier Caño— en certos sectores politizados e noutros, porque o camponeso non o cubría ninguén, non había unha información específica adicada a Catalunya. Ademais, a nosa revista plantexouse dende unha plataforma de esquerda, ó servizo das clases populares e cunha liberdade grande dentro da redacción». «Arreu» saía ademais na lingua catalá sen concesións. Contaban xa os cataláns con outros precedentes e con ese impacto fortísimo do diario «Avui» impreso todo el na lingua de Espriu e Verdager.

«Arreu» saíu cunha tirada de cincuenta mil exemplares, que logo houbo que ir reducindo hastra acadar con vintetrés mil. Os problemas económicos empezaron axiña, sinalóu Xavier Caño, pro fixéronse especialmente evidentes en xaneiro. «Cecáis, di Xavier, ocorreu que em-

unha cousa moi diferente —hoube-se simpatizantes dese partido nesta casa».

AUTOGOBERNO

Hai que inscribi-la crise de «Arreu» na que sofren as publicacións periódicas en xeral e as catalás en particular. Pro a corda sempre rompe polo lado máis floxo. Mesmo en Catalunya, onde o camiño está máis andado, bótase tamén en falta o catalán estándar dos medios de comunicación. «Hai moita xente á que lle costa ler en catalán, hai moita desculturización e non demasiados lectores, de maneira que un produto informativo é unha aventura sempre porque non pasaron de balde corenta anos de intento de destrución das nacionalidades». Xavier Caño non é pesimista, senón realista cando di que «tódolos esforzos pró normalización neste caso do catalán son moi limitados, mentres non se dispoña de autonomía, de autogoberno e se creen medios audiovisuais en catalán».

De tódolos xeitos, o equipo «Arreu» está empeñado en saír novamente á rúa. Buscan recursos pra

6-12 de setembro 1976 - N.º 7 - 35 ptes.

arreu

Setmanari d'informació general de Catalunya

pezamos moi alegremente e sen aplicar criterios estritos de empresa. As axudas que podían chegar nos de forma inmediata tiñan unhas contrapartidas que non nos interesaban; e outras xentes que estarían dispostas a axudarnos non tiñan forza económica dabondo pra facelo».

Xavier insistiu na teima da independencia informativa. «A voz popular que nos relacionaba cos comunistas cataláns (PSUC) perxudicounos moito, xa que en ningún intre houbo relación orgánica ou financeira con este partido. Non eramos un órgano do PSUC, aínda que —é

dar continuidade a seis meses de traballo frutífero de información de case todo o que pasaba en Catalunya con enfoques en boa parte inéditos. Eran cincuenta páxinas que aglutinaban o traballo dunha redacción ampla e un bo equipo de corresponsais e colaboradores».

Hai que esperar con Xavier Caño que o peche vai ser temporal e a forza da experiencia que supuxo «Arreu» vai seguir viva hastra facelo aparecer novamente nas rúas. Pese á crise e á corta predemocracia, as nacionalidades non poden afogalos seus propios medios de expresión. Quedarían mudas.

Operación «centro»

Mentres se ultiman as candidaturas do chamado «Centro Democrático», aprázaseo posíbel anuncio da participación de Adolfo Suárez nas eleccións. No «centro» de tódolos xeitos é onde quere ou quereía a xogar Suárez, separado da imaxe dereitista e franquista do bloque de Alianza Popular.

entre os que non figuran os partidos do Equipo Demócrata Cristiano do Estado Español, tamén indudábel opción de centro pró electorado.

Pouco conocido aínda, o creador do partido Demócrata Cristiano, Fernando Alvarez de Miranda, é cicáis a gran figura ou o gran protagonista deste «centro» aparecido case no último minuto, baixo ameazas de «responsabilidades históricas» e outras frases polo estilo. Alvarez de Miranda foi un dos aglutinadores desas siglas en boa parte confusas e equívocas. A do «centro» parece presentarse como unha coalición á defensiva fronte a Alianza Popular —non o oculta— e fronte á desunida esquerda —aínda que non o reconozca dun xeito explícito—. Do «centro», sairán sen dúbida os equipos ministeriais dos próximos anos. Que xa hai ex-ministros dabondo e algún, coma o de Obras Públicas, dimitiu pra se incorporar ó bloque. O «centro» únicamente lle falta Adolfo Suárez, ó parecer coas bendicións da Coroa. Alvarez de Miranda xa declarou pola súa parte, que posiblemente Suárez non teña máis remedio que se presentar «pra contrarrestar todo o gran aparello estrutural do franquismo representado por Alianza Popular».

E unha conclusión que suscribían outros políticos, mesmo os que non xogan co «centro».



ALVAREZ DE MIRANDA CENTROU.

No «centro democrático» andan metidos: partido demócrata cristiano, partido demócrata popular, partido liberal, partido progresista liberal, partido popular, partido social demócrata, unión social demócrata española e a federación de partido demócratas y liberales. Oito grupos

Guernica e Montejurra

Guernica e Montejurra. Os dous nomes andaron xuntos nos últimos días por imperativos de celebracións e lembranzas históricas. Guernica apareceu neste corenta cabodano da matanza con máis claridade nos medios de comunicación. Empezan a quedar enterrados os manexos e ocultacións da realidade e os sufrimentos dun pobo e empezamos a recibir, agora, as impresións, aínda entrecortadas, dos testigos presenciáis e dos que sobreviviron a quel ataque indiscriminado.

Non é posíbel agacha-lo pasado permanentemente.

Montejurra chega novamente cando están moi frescos os feitos ocorridos na edición do ano pasado e sen aclara-las responsabilidades dos tiros e as mortes no monte cheo de marcenarios pagados pola extrema dereita. Montejurra —non estaba claro aínda se ía ou non ía haber prohibición total cando se preparaba este número de TEI-MA— chega tamén os carlistas de Carlos Hugo esperan a súa legalización. E unha situación incómoda pró Goberno. Polo que pasou, polo que pode pasar. Atrás queda unha clarificación que non debería facerse agardar.



MONARQUÍA VIAXEIRA

Política exterior

Busca-lo aprobado

Din os observadores que o viaxe dos reis á República Federal Alema foi un éxito. E case unha opinión unánime que fala en todo caso de que o Goberno está a dar con máis seguridade os pasos fóra que dentro, vende millor a súa imaxe o extranxeiro ca na casa, onde segue habendo moitos temas pendentes de solución ou síquera de análise e non poucos temores, algúns interesadamente provocados e fomentados.

Por fóra, son tempos de presentación, explicacións, axudas, solidaridades e bendicións. Denantes da RAF foi Francia e máis atrás aquel desplazamento ás Américas. Nas mesmas coordenadas insértase o viaxe do Presidente do Goberno a México e ós Estados Unidos. Flotan por ahí os nomes do Mercado Común e da OTAN e teñen estes viaxes un aspecto como de esame selectivo, pra que por ahí adiante poidan darlle ó Goberno o visto bo. Hai sen dúbida un relanzamento da política exterior e outro das peticións de crédito, axudas, inversións, nun intre complexo visto dende fóra cos ollos imperialistas das multinacións. Os alemáns chegaron en boa aparte á conclusión de que era necesario agardar


unha clarificación do panorama pra se lanzaren a invertir. E un aprazamento do tema económico hastra despóis da campaña electoral, a primeira despóis de corenta anos.

Quedan pendentes, —o viaxe do Presidente a América comezaba cando se redactaban estas liñas— as reaccións dos industriáis e banqueiros USA, e tamén os «permisos» máis ou menos velados de Washington que tanto poden influir entre nós.

Punto e aparte merece ese desplazamento a México co que Suárez porá a andar-las relacións entre os dous países. A que noutra época se chamóu Nueva España, é unha peza máis ca importante nos eidos da política exterior de Madrid, sempre que impere o realismo polas dúas partes e non o tópico que invadfu, por exemplo, ese programa «Reencuentro» que os telespectadores dun lado e outro puideron seguir non hai moitos días.

Viaxes e política. De fóra pra dentro, dalgunha maneira todos estes desplazamentos forman parte por adiantado da campaña electoral.

Milleiros de galegos como vostede están lendo este anuncio.



Milleiros de galegos que comparten con vostede unha inquedanza polos problemas e o futuro do seu país.

Milleiros de homes que constitúen si dúbida ningunha o sector mais concienzado do noso pobo... Por eso, cando vostede decide anunciarse en TEIMA non está a facer un gasto sen outra contrapartida que a satisfacción persoal de apoiar unha causa.

Está a facer a inversión máis ren-

tábel prá súa empresa:
a publicidade.


¿Interésalle dar a coñocer os seus produtos?

¿Quere millorar a súa imaxe empresarial?

TEIMA ofrécelle un canle. Non o desaproveite.

As nosas tarifas e condicións de inserción serán pra vostede un motivo de agradable sorpresa. Pídaas á súa axencia habitual ou ó noso Departamento de Publicidad. Rúa do Hórreo, 94 Santiago.

teima
REVISTA GALEGA DE INFORMACION XERAL



OLP:

As teimas de Israel

Namentres as autoridades israelís condenaron xa, categóricamente, as decisións políticas e diplomáticas recolleitas polo Consello Nacional Palestino no Cairo entre o doce e o vinte de marzo pasados, os observadores internacionais coidan agora —pola contra— que a Organización pró Liberación de Palestina (OLP) tomou posicións que levan camiño de convertila, aínda máis, no clásico «interlocutor indispensable». Nefeuto, por primeira vez de maneira oficial, o Consello Nacional Palestino reivindicou, pró OLP, o dereito e a necesidade de que o



brazo político da resistencia participe en «tódolos esforzos negociadores» en relación coa crise do Oriente Medio.

Todo elo, xunto coa moderación expresiva das resolucións e coa recobrada xa unidade do campo palestino —aínda que nel subsistan distintas definicións e tácticas—, semella situar á OLP no camiño da participación activa nas iniciativas diplomáticas en curso e, sobor de todo, na conferencia de Xenebra que americanos e soviéticos queren ver convocada no segundo semestre deste ano. O programa político da resistencia ten quince puntos (o último deles adoptado polo Consello en 1974, tamén no Cairo, tiña dez puntos) pro todos eles pódense resumir en tres:

—A O.L.P. esixe a súa participación, dende agora, en calquera negociación pro-paz no Oriente Medio e «dun xeito autónomo».


—A OLP demanda un Estado Nacional independente «en territorio palestino».

—A OLP rexeita recoñecer ó Estado de Israel.

En termos xerais, a redacción

do primeiro punto ven significar que a resistencia palestina non se quere ver marxina da que se chama «a dinámica da paz» na rexión, co que termina xa o debate interno no Consello entre quen propón estar na conferencia de Xenebra e quen rexeita o mesmo con claridade. O segundo punto, en tanto que non menciona o concepto de «Estado democrático e laico en toda Palestina» e límitase a demandar un Estado nacional «en terra palestina (hai distintas versións encol do texto orixinal deste punto: uns din que a tradución exacta é «en terra palestina»; outros aseguran que «sobre terra palestina» ou «nun territorio palestino» ou, máis xenéricamente, «nas súas terras»... O certo é que non se di, no orixinal, «en toda Palestina»), ven confirma-lo primeiro, pois o Estado palestino debería coexistir xeográficamente co de Israel.

A clave da cuestión atopárase, en fin, no punto tres: namentres non sexa recoñecido o Estado sionista non se ve —din os defensores do «mini-Estado palestino»— por qué habería de ser rexeitada a creación dunha entidade nacional palestina se, realmente, é independente, soberana e combatente. As cousas así, o escenario de Oriente Medio camiña cara a re-



formulacións que aclararán o conflito. Con todo, que o Consello Nacional Palestino bote un balance xeral favorábel ós «moderados» palestinos, que o presidente USA Carter recoñeza que os palestinos téñen necesidade «dunha patria», que a conferencia de Xenebra está a se dibuxar perto... todo isto non serviu aínda pra nada en Israel, polo menos a nivel oficial, onde os seus portavoces teiman no seu «non recoñecemento da representatividade da OLP». As fins do pasado marzo, por exemplo, agora mesmo tamén, o ministro israelí de asuntos exteriores decía: «rexentamos totalmente o progrma da OLP, rexentamos tamén calquera tipo de diálogo con esta organización».

Sudáfrica:

A guerra, en pé

O Goberno da República Sudafricana recoñeceu, por vía indirecta, que está practicamente en guerra con algúns dos seus veciños e con diversas organizacións guerrilleiras e que, neste senso, dispónse a levar adiante un esforzo sen precedentes pra reforza-la súa capacidade militar que é xa, con moito, a máis alta da África negra. Observadores autorizados, polo demáis, cren saber que instrutores militares israelís e conselleiros da mesma nacionalidade participan na posta a punto dun grande programa armamentístico sobor da base de que a situación política e militar de Sudáfrica e máis de Israel ten moitas semellanzas: non recoñecemento polos veciños, hostilidade guerrilleira, nacionalismo local, illamento internacional...

Na actualidade, o Goberno sudafricano mantén xa un enorme des-

pregue militar ó longo da súa fronteira con Mozambique e, sobor de todo, da chamada «Banda de Caprivi» —o estreito corredor entre Namibia, Sudáfrica e Zambia e no que os guerrilleiros do SWAPO (Organización do Pobo Africano da África do Sudoeste, ou sexa, Namibia)— son particularmente activos. A mesma guerra de Angola foi unha oportunidade pra mostra-la posta a punto das forzas armadas sudafricanas, aparentemente detidas polos continxentes angoleño-cubanos logo dunha progresión duns catrocentos quilómetros en dirección norte. O caso é que, naquela ocasión, a forza aérea —verdadeira esperanza militar de Sudáfrica— quedou nas bases. As intencións do Goberno racista de Pretoria, o seu militarismo, estarán a piques de engadir máis dinamita á xa de por si conflitiva situación do continente africano.

Arxentina:

A caza do xornalista

Arxentina entrou, unha vez máis, na escalada da violencia. Os feitos comenaron o primeiro de abril cando, un fato de homes armados hastra os dentes e con roupas civís, secuestrou na súa propia casa ó xornalista Edgardo Sajón que fora, en tempos de Lanusse no poder, secretario de prensa do Goberno. Catro días máis tarde, o cinco de abril e nunhas terras dos suburbios

de Bós Aires, atopábase o corpo acribillado a balazos do tamén xornalista Héctor Ferreiros (cura «tercermundista» que deixara a sotana pola máquina de escribir).

Nas primeiras horas da mañá do quince do mesmo mes eran secuestrados o director e subdirector, Jacobo Timmerman e Enrique Jara, respectivamente, do prestixioso xornal «La Opinión». Ambolos dous eran obxecto do secuestro nas mesmas condicións que o propio Sajón e o Goberno, se ben suliñaba que non sabía nada do secuestro de Jara e que andaba na investigación encol do asunto, recoñecía que Timmerman tivera de ser detido en relación coas actividades do grupo financeiro Graiver.

O día seguinte, entre dunha verdadeira oleada de protestas, Videla recoñecía que o Goberno fora, tamén, o autor da detención de Jara. O día seguinte, tamén, desaparecía o derradeiro xornalista da «serie», Enrique Raab. O caso é que as tensións medran e a vaga apertura política comentada anteriormente polo xeneral Videla parece xa inalcanzábel. O certo é que, hoxe por hoxe, a tregua entre duros e liberáls do exército arxentino parece estar cada día máis lonxe diante da carga da ultradereita no seu ánimo de boicotear, totalmente, as suxerencias aperturistas de Videla.





Morréu Tino Grandío

Un grupo de gaiteiros acompañou hastra o camposanto o cadaleito que contiña o corpo sen vida de TINO GRANDIO, pintor lugués. Fora esa unha das disposicións que Grandío —gravemente doente dende hai tempo— comunicara ós seus máis íntimos amigos. Entre estes contábase o coñecido periodista madrileño Antonio D. Olano e o cantante Juan Pardo, pra quen dibuxara a portada do polémico disco «Galicia, miña nai dos dous mares».

O pintor cumprira cincuenta e dous anos no intre do seu pasamento e contaba, entre outros premios cunha primeira medalla da Exposición Nacional de Bellas Artes e o primeiro premio dun concurso de pintura galega celebrado en Lugo.

¿Ferrín, expulsión?



FERRIN, HAI ANOS

XOSE LUIS MENDEZ FERRIN, que se convertira en home-noticia logo de recibir o Premio da Crítica en Sitges (Barcelona) polo seu fato de poemas «Con pólvora e magnolias», volve estar de actualidade co gallo da súa probábel expulsión como membro activo do nomeado *bloque nacional-popular*. O señor Ferrín tería coma compañeiros de viaxe a outros membros —perto de trinta, segundo algunhas fontes— do devandito *bloque*. Os rumorólogos afirman que poidera ter sido o señor Ferrín un dos autores do xa famoso documento crítico coñecido coma «documento dos 16». Rumores que veñen da man da literatura: algúns atopan no documento certo xeito literario propio do estupendo novelista e poeta galego que foi, precisamente, un dos máis significativos fundadores da Unión do Pobo Galego.

Víctor Moro

VICTOR MORO, o ex-director xeral de Pesca, será posibelmente o máis resonante fichaxe do Partido Popular Galego cara ás eleccións. O PPG, que conta xa con xefes de fila coma o señor GARCIA AGUDÍN ou o señor ILLA COUTO, prepara a súa campaña cun importante alarde de medios: dende muráis publicitarios a mítins nas principais cidades. Baixo o lema «homes honestos, solucións eficaces», o federalista PPG coida ser —en palabras do seu secretario xeral— o partido de meirande atracción en Galicia. Outros dñn o mesmo de sí.

Agudín e o capitalismo perverso

«Cremos que hai que superar o capitalismo, que é *intrínsecamente malo*, pro creando unha sociedade cualitativamente diferente por un proceso distinto do da revolución», dixo FERNANDO GARCIA AGUDIN, secretario do Partido Popular Galego, no primeiro mitin do grupo tra-la súa legalización. A frase non deixou de sorprender nalgúns sectores ós que ese mesmo calificativo —«intrínsecamente malo»— lles foi aplicado polo simple feito de loitar contra o sistema capitalista. Agora, os *intrínsecamente perversos* xa non son os comunistas —como decía aquel Papa— senón os defensores do capital. Curiosamente, afirmao un home da democracia cristiá. Vivir pra ver.

Loquis: Libro a vista



AUTORETRATO DE LOQUIS

XOSE RODRIGUEZ IGLESIAS, máis coñecido por LOQUIS, está a piques de publica-lo seu primeiro libro de dibuxos. Loquis é home coñecido por tódolos lectores de TEIMA, onde publica regularmente os seus traballos. Denantes de incorporarse a esta revista como xefe de publicidade, Xosé colaborou coa revista erótica francesa «Lui» e a contracultural catalana «Ajo-blanco». A Fundación Juan March financia a edición —1.500 exemplares— da obra, e o éxito (a xuzgar pola morea de amigos do Loquis) está máis que asegurado.



O corpiño

M.º XOSE QUEIZAN

tropoloxía da Universidade. Lisón, pola súa condición de antropólogo, é un amante da nosa terra. Galicia é unha farturiña neste aspecto. Non deixa de asistir ó Corpiño tódolos anos, desde o ano 64. A pesares do abundante do seu dossier, aínda non publicou nada sobre o particular, porque é máis complicado do que pode parecer a simple vista. A publicación dese material e das interpretacións ó respecto han ser sumamente reveladoras. Lisón, inda que moi cortés, non se mostrou moi explícito ante as nosas preguntas, pro aclaróme unha que considero interesante: non diminuíu a afluencia de xente nen o comportamento da mesma nos últimos anos. O cambio que constatou observando o material gráfico foi a cor e a vestimenta das personas. Agora as mulleres levan roupa de moitas cores e mesmo algunhas, as máis novas, usan pantalóns.

Todo o conxunto é insólito para calquera galego cidadán. Personalmente quero destacar agora dous feitos que me chamaron máis a atención. Por un lado a aceptación colectiva de todo o que acontece. Ninguén, nen nenos nen vellos, se estraña dos berros, as convulsións, os desmaios, os choros ou comportamentos histéricos. Todo o mundo os estima normáis e colabora de palabra e mesmo axudando a coller a unha muller ou a agarrar a unha nena que se debate porque non quere pasar debaixo da imaxe, como é obrigado. «Teñen que metela debaixo da Santa (ninguén lle



chama Virxen) senón non cura» aconsellan os que pasan. Eu teño que reprimirme para non intervir en favor da pobre cativa aterrorizada. E ó mesmo tempo recapacito no que faría eu se alguén se metera cando sosteño a un fillo meu que berra porque non quere que lle poñan unha inxección. Ou no que pensarían eles ó ver á xente desmembrarse nunha discoteca ou ergue-los puños entolecidos nun acto político. Os comportamentos histéricos continúan. O que varia é a concepción cultural que os sustenta e normaliza.

Outro aspecto notábel é o económi-

co. Arredor do santuario sucédense os tenderetes de venda de rosarios, cruces, escapularios, velas, estampas da Santa, figuras de cera, etc. Un grande negocio. Os precios parecéronme altos. A xente merca, o crego bendiceos e lévanos prá casa envolveitos nun papel de periódico.

«LIMOSNAS» E «FUNCIONARIOS»

Nun pequeno edificio anexo á igrexa, cun rótulo de «Limosnas», dous «funcionarios» despachan misas (a 100 pts. cada unha) estampas, reliquias, etc. Alí dentro hai dúas grandes artesas onde os paisanos depositan o trigo ou o millo que traen nunhas saquiñas. Aprecíei que as aportacións en especie van diminuíndo e sendo substituídas polo diñeiro, de acordo co paso dunha sociedade rural autárquica que se vai integrando no orde capitalista. O mercantilismo está tamén presente nos tolleitos que piden esmola. Fan paquetiños coas moedas igualiño que nos Bancos. ¡Nen Valle Inclán puido soñar un esperpento semellante!

O clímax do día prodúcese na misa maior. Despois dun discurso preconiliar, irascíbel e en tono maior desde o púlpito, no que se arremetéu contra dos partidos políticos e o proceso «democrático», chega o momento da erquer. A banda de música de Celanova toca o himno do estado español ás portas da igrexa e as súas notas quedan apagadas polos alaridos agudísimos e penetrantes das mulleres poseídas que se desgañitan e descamisán, sustentadas polo seu home e demáis familiares. O momento pon os pelos de punta ós máis templados. Logo sacan á Santa (que leva o manto cuberto de billetes de mil pts.) en procesión. A xente arrástrase polo chan para pasar debaixo das andías da imaxe e ademáis ten que tocala. A Santa, levada por catro homes, percorre circularmente os prados que rodean á igrexa, a unha gran velocidade. O paseo non ten nada da parsimonia cerimoniosa habitual nas procesións. Todos corren para situarse en fila ante o camiño da imaxe para pasar debaixo. Algúns voltan a colocarse varias veces, como no xogo do pasimisi. Dúas parellas da benemérita acompañan á imaxe empurrando e agachando ás personas que poñen en perigo a estabilidade da Santa. Todo isto sucede a un ritmo acelerado que fai aínda máis alucinante a visión.

O remate as enfermas, pálidas exhaustas, son levadas polos acompañantes a descansan nun recuncho da igrexa. Os axudantes están esgotados tamén e secan o suor nun pano que antes pasan polos pregues dunha imaxe. Axudan á enferma a recompoñelas prendas de roupa e saíran logo aliviados e convencidos de que o mal que os mataba quedou alí. Xa poden toma-lo polbo con pan de Arzúa e unhas cuncas de viño, mentres escoitan as gaitas da banda de Celanova.

No corpiño dáse cita a superstición popular galega que a Igrexa católica non fixo máis que assimilar pro de modo ningún destruír. As características socio-económicas do clero galego, a súa procedencia aldeá e a finalidade da carreira de crego como saída do mundo estamental rural, sen motivacións vocacionáis na meirande parte dos casos, contribuíu á permanencia de vellos ritos na conciencia popular.

Os enfermos van alí a curarse na crencia de que o demo metido no corpo é o causante das súas doenzas. Hai visitas todo o ano pro son dúas as datas principáis: o 24 de Marzo e o día de S. Xoán.

Desde as primeiras horas da mañá celébranse misas que se suceden deica o serán. Un xentío entra e sae da igrexa, acende velas e toca as imaxes cun pano que logo pasa pola súa cara e membros e pola dos nenos e familiares que os acompañan.

Mestúranse cos cegos, vestidos como díos manda, con sotana, e cos eivados e tolleitos valleinclanescos que piden esmola á entrada. Mentres, as mulleres ofrecidas (somentes vin un home facelo) dan voltas ó santuario axoenlladas. Tamén son fundamentalmente mulleres as que acuden a curarse as neuroses. Alí realízase unha auténtica terapia de grupo. Un amigo psiquiatra que nos acompañaba estaba convencido da curación da meirande parte dos enfermos que nos rodeaban. En troques, un mozo, moi guapo e elegante por certo, que levaban nunha sela de rodas, e no que tiñamos postas as nosas esperanzas de milagre, saíu do mesmo xeito que entróu. A súa doenza, está claro, non ten raíces psicolóxicas. Ou ben lle faltaba fe.

Como o Santuario está cheo e os confesionarios non chegan, uns provisionáis instálanse fóra da igrexa. Na miña opinión, ademáis das razóns de espacio, a confesión pública ten motivacións de reclamo. E non esquezámo-lo aspecto terapéutico da confesión substituído nas sociedades modernas polo psicoanálise.

UN CONXUNTO INSOLITO

Entre o público estaba Carmelo Lisón con algún dos seus alumnos de an-



o mintireiro verdadeiro

Unión do Pobo Galego: I Congreso

De non producírense cámbios de última hora, e a pesares de tódalas crises, a Unión do Pobo Galego (UPG) celebrará o primeiro congreso da súa historia na primeira quincena de agosto. Algúns días máis tarde celebraríase o da Intersindical Nacional Galega, organización moi ligada ó grupo. A (UPG) foi fundada no ano 1964, e dende entón a hoxe unhas e outras circunstancias impediron que se levara a remate ningunha xuntanza xeral dese tipo. Deica agora, a UPG rexiuse internamente polo denominado «centralismo democrático».

Os camareiros e o galego

Cando os camareiros da Coruña procedían a constituí-la súa sección do Sindicato Galego de Traballadores de Hostelería, catro persoas tentaron impedir que a assemblea se desenrolara en lingua galega sacando da faltriqueira os demos e prexuícios aturados durante tantos anos. O tema sometéuse a votación e centos de mans dixeron sí ó uso exclusivo do galego mentres se producían catro votos en contra eran os do «boicot», que ficaron máis soios ca un can na praia. Xa non é tempo de fabas negras.

Bandeiras

A decisión do comité central do Partido Comunista de España no senso de utilizar públicamente a bandeira española roxa e gualda xunta da vermella da organización, é a orixe dunha crise inda non resolta na base do Partido Comunista de Galicia, aparato autónomo de aquel. Segundo parece, o sector máis apegado ás teses nacionalistas dentro do PCG mostrara xa o seu descontento pola inclusión do PCG e o PC de Euskadi nos Estatutos presentados polo PCE prá súa legalización. Nembargantes, no seu equivalente catalán, o PSUC, que funciona como partido independente do PCE estase a producir unha crise parella. Algún destacado militante chegou a afirmar que «antes que comunista son republicano».



SANTIAGO ALVAREZ
«Banderita, fu eres roja...»

Cea socialista

«Marica é nosa, e non de FENOSA» foi o insólito berro coreado por media centena de forxas xóvenes e socialistas na recente cea de irmandade organizada polo Partido Socialista Galego en Santiago. Marica é o nome dunha popular militante feminina do partido, e a cea —celebrada dous días despois de que o PSG dera a ceñe-la súa postura diante das eleccións— non tiña un carácter político directo. Asistiron bastantes convidados, que pagarían do seu peto o que comeron. Botouse en falla a presenza do «principiño» Xosé Manuel Beiras, o máis coñecido membro da secretaría colexiada do PSG. Estivo, nembargantes, a súa dona, María Teresa García-Sabell, a quen agarimosamente lle chamou alguén na cea «a raíña».

Un partido prás mulleres

De ser certos os rumores chegados a TELMA, estaría xa adiantado un proxecto prá formación dun partido constituído unicamente por mulleres e que defendería os intereses das femias galegas á marxe totalmente dos partidos políticos de esquerdas —dos de dereitas tamén, por suposto— dominados, segundo as feministas, polos machos. O proxecto coincide con certa radicalización en sectores dos grupos feministas actualmente existentes en Galicia, como Asociación Galega da Muller, Movemento Democrático de Mulleres, Asociación Universitaria pró estudio dos problemas da muller... Recientemente falouse en algún grupo destes da posibilidade de levar ás próximas eleccións unha candidatura composta por mulleres e que espallara un programa de reivindicacións femininas.

Xove, a celulosa e os «imperialistas»

Na «marcha sobre Xove», pra loitar contra da instalación da central nuclear, houbo de todo, coma en botica. Por exemplo, logo dos actos levados adiante no adro da igrexa parroquial, cando o resto das forzas se xuntaron na estrada pra protestar pola actuación da UPG e máila ANPG, e chamar á unidade da oposición democrática galega, chegoulle o momento á intervención de Rafael Pillado, do PCG:

—Atopámonos eiquí —dixo, megáfono en man, tremándolle a voz—, compañeiros pra loitar contra da instalación dunha celulosa...

Foron catro segundos de silencio, a xente como que non ouvira ben, apampanada. Logo, a reacción, e todo foi un berro e asubiada unánime. A Pillado faltoulle tempo pra saír polo atallo:

—Atopámonos eiquí, compañeiros, pra loitar contra da instalación dunha central nuclear...

O mitin continuou. Os sorrisos contábanse por milleiros entre a xente que escoitaba. Foron momentos de moita retransca pola banda dos espectadores. En Xove, vaia, non sabían que decir.

Máis tarde, na roda de prensa que montaron os das Comisión Labregas, nun local da asociación «Sementeira», en Viveiro, un dos veciños falaba encol dos seus problemas:

—¡Estamos máis que fartos! Todo é represión e os oprimidos sómo-los labregos máis ca ningún outro, todo é represión por culpa dos chupatintas...

Ramón Valcarce, crego de Sésamo e candidato a senador polo bloque nacional-popular, correxiu a linguaxe heterodoxa do labrego:

—Imperialistas. Non son chupatintas, senón imperialistas.

—Bueno, iso, pro nós eiquí chamámoslle chupatintas —replicou sen maldade o home de Xove—.

Como o pobo siga así de peleón, hastra os políticos van ter que reacomoda-lo seu léxico. Todos.

«A Central Nuclear que queren chantar en Xove virá se os galegos deixan que veña. Cada día a xente está máis sensibilizada encol destes temas que son fundamentais pró noso futuro». (Mario Gaviria Labarta, sociólogo e urbanista).

Centrales nucleares / Autopistas

Negociar co progreso

«O caso de Galicia coa central nuclear de Xove é semellante, por exemplo, ó de Aragón. Queren poñer seis centráis nucleares nesta rexión cando Aragón vai producir o 20 por cento da enerxía e consume somentes o 3 por cento. ¿Por qué ese interés en chantar centráis nucleares en zonas esportadoras de enerxía coma é o caso concreto de Galicia? Porque en Aragón, Andalucía ou Galicia, por poñer tres exemplos, existen situacións de colonialismo. Hai países, nacións ou rexións que producen e outras que desfroitan e mentras unhas desfroitan as outras se contaminan. Pra lle facermos frente a esta situación compre, en primeiro termo, estar unidos na oposición e loitar».

CENTRAIS PRO ESTADO

Son palabras de MARIO GAVIRIA LABARTA que recolleu a nosa colaboradora QUECA MERINO. A cuestión da central nuclear de Xove e a «Autopista del Atlántico» teñen preocupado a este sociólogo e urbanista navarro, autor de varios libros, traballos encol da «cidade nova» xunto con arquitectos e outros especialistas, profesor da Escola de Socioloxía de Madrid e do Centro de Estudos Urbanos, preocupado pola formación da cidade e do hábitat humano, alumno da London School of Economics, en Nancy e máis Estrasburgo, 39 anos.

«Eu diría —engade Mario Gaviria— que as centrales nucleares chántanas alí onde

a xento se deixa. De feito o Ministerio de Industria e máis compañías particulares teñen hoxe uns proxectos tolos, increíbeis. Falan de 24 ou 25 centráis nucleares en todo o Estado Español. Non hai nen sequera diñeiro pra pagar eso. Soio serán 3 ou 4. Tentan nos 25 sitios e alí donde encontren menos forza de oposición, alí é donde as instalan.

—*Outra cuestión preocupante é a «Autopista del Atlántico. Ti tes experiencias neste senso polos problemas que se produciron noutras zoas do Estado Español.*

PODREDUME E ESCANDALO

«Colle nota —di M. Gaviria—. Detrás de cada autopista que se fixo ou se fai hai máis podredume e escándalo que detrás de cada Matesa. E esto terá que sair un día á luz e haberá que pedir contas.

¿Onde está o negocio?

«O negocio está no mesmo feito de construílas, o mesmo que no século XIX foi unha gran inversión e fixeron moitos cartos os constructores do ferrocarril. Hai tres partes. A primeira dos proxectistas da autopista. A segunda a dos contratistas. A terceira é a explotadora da obra. As tres están vencelladas fundamentalmente ós mesmos grupos capitalistas e bancarios».

—¿Cál é, logo, o proceso?

«Primeiro faise un proxecto que se valora moito máis



MARIO GAVIRIA
As autopistas: un gl de penalti

do que realmente, é, moi por riba dos costes reais previstos. Podo decir que é normal que as autopistas custen a metade do que din que custan. Xa en construción, os custos de espropiación son tamén unha miseria. Non chegan nunca ó dous por cento e, nembargantes, afogan ós labregos, pagan mal e con retraso, levan as mellores terras... Esto mirámolo xa en Alicante, por exemplo, ou en Aragón, e o mesmo está a pasar agora en Galicia. As terras que utilizou a autopista en concepto de aluguer, anque logo se poñan a traballar, xa non sirven pra nada. Están absolutamente estragadas. Esto sábeno moi ben os campesinos».

—*Por ahí endiante houbo un verdadeiro «boom» das autopistas. A xente pedía autopistas...*

«O das autopistas, sempre vencelladas á idea de progreso, foi un verdadeiro gol que nos meteron de penalty hai catro ou cinco anos. A batalla, neste senso, coido que está semiperdida porque quen non van perder son os constructores. Por exemplo, dos 18 mil millóns que custaba a de Alicante - Palencia foron desembolsados no seu día somentes 250 millóns. As constructoras móvense e traballan con créditos estranxeiros que son avalados polo Estado (ou seña: por todos nós). Se logo a xente boicotea as autopistas, non quere pagar os pasos non as utiliza coma se pensaba (cosa que xa pasou), se logo non se chega ó cálculo diario de coches pre-

visto (uns 10 mil aproximadamente), o Goberno ven pagar as diferencias. E se van á ruína ou á creba, coma os créditos están avalados polo Goberno, pois pagámolo todos nós, a xente. O negocio non falla nunca. Non pode ser mellor».

«Eisí se fixo o progreso. ¿Alternativas? Eu falaría dunha cuestión de cousas prioritarias. Hai problemas moito máis urxentes ca unha autopista hoxendía: hospitales, educación, etc. As autopistas, de seu, non son nunca factores de desenvolvemento armónico senon radicalizadores de desigualdades. Eso polo menos. E temos exemplos de abondo por ahí endiante. O peor é a falla de información e, polo mesmo, de resposta da xente».

UNHA FRASE

«Algunha vez haberá que pedir contas das irregularidades e mañas que se poden producir», *di nestas mesmas páxinas un dos urbanistas máis prestixiosos do Estado Español, Mario Gaviria, autor entre outras cousas de «Campo, urbe y espacio del ocio», Siglo XXI, Madrid, 1971.*

Arredor do feito urbanístico medraron personas e fazendas dende hai unha chea de tempo. Nos derradeiros corenta anos a historia dos constructores achegados ós mecanismos de poder local e provincial (tamén estatal), a especulación, os ensaches.. foron historias que moitos coñecían e falaban no café pro cáseque ninguén conta-ba.

Recollemos do libro de Gaviria unha frase que nos parece fundamental:

«A corrupción en socioloxía política ten unha parte moral, un enfoque ético con moito interés prós que coidan que o facer as cousas rectamente é un fin en sí mesmo».

«Pro a corrupción en materia de urbanismo non se pode criticar somentes coma in-moral, sinon coma estragadora da calidade do contexto humano. A corrupción dos que toman as decisións en cuestións de urbanismo pula arreo o proceso de inhabilitabilidade creciente da cidade» (pax. 169) ¿Quén pide responsabilidades pola desfeita?



Fraga, en seco

Por se houber alguén que tivera dadas sobre o carácter do noso personaxe, agora, vai e chéganos ás mans este bonito carteliño: Fraga, evidentemente, é un home seco. Don Manuel, ex-ministro de Montejurra —perdón, de Gobernación, ¿en qué estaría matinando ún?—, é, definitivamente, a sequiera personificada. Limpeza en seco e a mandar. ¡Ar! Coma as botas milicianas. Taconazo en seco, ¡heil Fraga!

Fumando agardo...

Salustiano López Castro, veciño de Láncara (Lugo), acaba de chegar do seu viaxe cubano. Fora invitado a visita-la illa de Fidel invitado polo propio presidente e máis polo seu irmán Raúl Castro, primos de Salustiano, peón camiñeiro. Seica, Fidel teima na idea de dar unha voltíña por España e, de paso, achegarse á terra dos seus pais. Se viñer, nós, faltaría máis, mesmo o invitaríamos a que dera un garbeo pola nosa redacción. Unha botella de tintorro, témola. Ou, senón, un viño branco da Ulla que xa, xa... do mesmo que andamos a repartir a conta dos «encrucillados» do fiadeiro. Pro non se fien: nós queremos invitar a viño do país pro con algo a cámbao. O millor servían, por exemplo, uns puriños de Habana. Non é moito pedir a un socialista ¿non sí? Saúde, Salustiano.

Nós preferímo-las pombas

Se se poñen pesados, señores, nós imos deixa-los servicios de Correos e adicármolos, en adiante, ás pombas mensaxeiras. E non é por fallar á xente, non, que nós —imaxínense— témo-lo máis grande respecto polos funcionarios de Correos. O caso é que, así, vaia, vaia, non se chega a ningures: o servicio de Correos de Ferrol acaba de entregar unha carta datada no ano de gracia de 1965 e, xa, co sobre amarelo dos anos pasados por enriba del. Unha ducia, nen máis nen menos, de anos con retraso na entrega da famosa cartiña. Non se pode decir, non, que neste caso as cousas se levaron con presa e dilixencia, non. O caso é que, aínda, a carta chegou. E, vaia vostede a saber, ó millor aínda tiña o seu interés o contido. O malo é que a súa destinataria non chega a tempo, xa, de se decatarse do que viña no interior. Sinxelamente porque, a destinataria, hai agora dous anos e medio que morréu. As pombas mensaxeiras non tardan tanto tempo en chegar, seguramente.

A Pascuiña de Cela

A amizade padronesa chamóu a Camilo José Cela que veu, dilixente, á Pascuiña. Coma unha aguia das Letras, baixóu do avión en Santiago, dormíu no Hostal, deixóuse entrevistar por enésima vez por Pepe Alvite e despóis xantóu, bebéu e trouleóu na súa terra. Logo foise outra vez. Cela dixo hai tempo que prefería ser fillo predilecto de calquera sitio antes que procurador por ningures. De onde se deduce que non se presenta ás eleccións aínda que llo pidan os seus Amigos de Padrón.



MANUEL ABAD



Foto tomada o día da marcha sobre Xove nun establecemento do interior de VIVEIRO.

NOTA:

O establecemento era unha TINTORERIA

CAITANO Por XAQUIN MARIN





Manda carballo

«Bueno, mire, eu non fun nen sei quen foi o que lle queimou o carballo ó meu veciño, pro estou disposto a lle paga-los danos». Fermín Rodríguez, veciño de Pombar-Parada de Sil, en Ourense, fixo esta sorprendente declaración no *cuartelillo* da Guardia Civil de Montederramo. Resulta que un veciño seu chamado Fernando Jácome presentara días antes no mesmo posto da G.C. unha denuncia contra el por «prenderlle lume a un carballo, intencionadamente, pra que non lle fixera sombra nun prado que linda co do denunciante».

Segundo publica «La Región», o señor Jácome acusou ó señor Rodríguez de usar xestas e falcas a fin de conseguir unha millor ignición do arbre, que divide xustamente as leiras de ámbolos dous. Os danos valóranse en mil pesetas.

As sombras —negras sombras pró dono do carballo e o presunto pirómano— tamén teñen precio nos tempos que corren...




Diálogos nucleares

Voz da Radio: «Eiquí unha importante noticia: Desgraciadamente temos unha cativa avería na central atómica, pro os científicos coidan que é por pouco tempo. Axiña repararán avería. O Ministerio do Interior pide, novamente, paciencia á poboación».

Pola nosa banda, nós aconsellamoslle —se algún día chegan a instalar o mesmo antroído nuclear en Xove—, que non deixen nunca de se poñer un aparatño coma os do dibuxo de abaixo. Aínda pra dormir. E así matan dous paxaros dun tiro, ue din que os bicos poden traer has-tra o cáncer. ¡Ai, madriña!



HIER EINE WICHTIGE DURCHSAGE: LEIDER IST DEN ATOMWISSENSCHAFTLERN EINE KLEINE PANNE UNTERLAUFEN. SIE HOFFEN, IN KÜRZE DEN SCHADEN ZU BEHEBEN! DER INNENMINISTER BITTET DIE BEVÖLKERUNG NOCH UM ETWAS GEDULD!!



Xeroglífico



Pregunta:
NON CHO CREO

Solución ó xeroglífico anterior:
EMIGRAN

SOLUCION O ENCRUCILLADO ANTERIOR

HORIZONTAIS:

- 1. Tía. 2. Cuspa. 3. Coste-la. 4. Na. Aoa. Pa. 5. Cedo. Sino. 6. Otet. Elos. 7. Nola. Taxe. 8. So. Aló. Mo. 9. Sa- turno. 10. Xesús. 11. Pao.



No traballo que segue, Fernando Ramos fai unha farturenta análise do medro de Vigo, a cidade que, amén de se-la meirande de Galicia, tivo tamén insospeitadas posibilidades de desenrolo urbanístico armónico. O arquitecto porriñés Antonio Palacios foi o autor dun interesante e incumplido proxecto.

Unha cidade que puido ser

O Vigo de Antonio Palacios

FERNANDO RAMOS

Cos seus douscentos trinta mil habitantes, Vigo é a máis grande —dírfase que monstruosa— cidade de Galicia. Pero é tamén a que amosa máis serios defectos de infraestrutura. Urbanisticamente pódese dicir que é un verdadeiro desastre, unha gran desfeita. Durante os últimos corenta anos, «Vicus» foi medrando dun xeito desordenado, correspondendo á esixencia de vivenda, pró séu progresivo espallamento demográfico e beneficiando a certa clase de promotores e financeiros que chegaron a constituir un dos estratos representativos da burguesía local: os construtores, moitos dos cais, por certo, proceden da irmá provincia ourensá.

cidade do estado español prá que foi proxectado un ensanche. Moito antes có de Barcelona. Un dos feitos de meirande importancia no eido do urbanismo local é a chegada da inmigración catalá que se produce no ano 1750. A cidade ten de saír das súas murallas. No 1810 foi encargado o plano da nova poboación ó enxeñeiro de camiños Muller, e despois, no ano 1837, a Agustín de Marcoartú. A nova cidade, que estaría na zona do arenal era unha retícula, con prazas porticadas e rúas de 10 metros de anchura. Pódense citar dende este feito moitos e sucesivos proxectos




UNHA MAQUETA DE PALACIOS

De tódolos xeitos quedóu un consolo prós analistas e amantes das datas históricas. Vigo, esta cidade mal feita, peor plantexada, que segue a medrar sen ter en conta os intereses populares, puido ser ben diferente. Puido ser unha cidade modelo, que tería de medrar de acordo coa súa orografía, dunha maneira escalonada, sen que unhas construcións taparan a vista do mar ás outras. Unha cidade onde non habería grandes encostas, senón suaves ramplas. Unha cidade na que daría gusto vivir.

Os analistas, repetimos, pódense mostrar ledos. Teñen polo menos que contar.

Por exemplo, Vigo foi a primeira



SEGUNDO O PLANO DE PALACIOS A CIDADE MEDRARIA EN DIFERENTES NIVESI DENDE O MAR O CASTRO

que endexamáis se realizaron. A vila de pescadores foi medrando segundo conviña ós intereses dos que tiñan terrenos. E se non edificaron no monte do Castro, foi porque dependía do ramo da guerra, e non se permitiu por ser zona táctica.

PALACIOS, O SOCIALISMO MUNICIPAL

El chegamos a Palacios. O seis de Nadal de 1930, o pleno do axuntamento vigués acordóu encargar ó arquitecto Antonio Palacios Ramilo a redacción do proxecto de ensanche da cidade.

Entre esta data e o ano 1932, tamén no mes de Nadal, que o porriñés remata o seu traballo, van dous anos. E o país pasa da monarquía á República. Moitas cousas están a cambear. Entre elas, nace un novo sentido da fin social da propiedade. Temos un axuntamento democrático e temos tódalas condicións pra que a arela de Palacios se poida realizar. Vigo pódese con-

vertir nunha cidade ben trazada, con persoalidade propia, que será posíbel recoñecer pola súa silueta. Nace o concepto de zonificación ou distribución das diversas áreas segundo o seu destino. Deste xeito adíantase en moito ós millores urbanistas —sobre todo franceses— do seu tempo.


Pro, en todo o proxecto de Palacios hai un dato singular: o chan *debe ser municipalizado*; é dicir, a súa propiedade ten que ser transferida ó axuntamento como representación de tódolos cidadáns. Desde xeito, o axuntamento democrático poderá destinar cada área ó millor uso en beneficio da comunidade e disporá de terreo prá construción de vivendas sociáis dabondo. O casco aparece cheo de xardíns e parques; as rúas son amplas e fluídas. E, dalgún xeito, unha cidade modelo.

A RUA DE GALICIA, A ARELA DUN PORRIÑÉS

Quizaves, aparte do seu estudio do urbanismo moderno, un dos eidos onde Palacios afonda máis é na concepción de Vigo como centro, como eixe dun «hinterland» composto por vinte vilas dos arredores (Ulló, San Adrián, Domaio, Redondela, Moaña, Cangas, Aldán, Guizán, Porriño, Vincios, Panxón Nigrán, Gondomar, Lourido, Sabarís, Abra, Baiona, Atios e o Con).

O urbanista non só trazóu o pla-

DIVISION DA CIDADE DE VIGO SEGUNDO AS ZONAS





O TRANSEUNTE ATOPASE DE CANDO EN VEZ CON ALGUNHAS MOSTRAS

finido á cidade, sen que unhas edificacións tapasen ás outras.

TRES GRANDES VIAS DE COMUNICACION

Palacios dividíu a cidade en tres partes: Marítima, Interior e de Extensión. Na primeira sitúa a zona industrial, comercial, de cabotaxe, viaxeiros, pesqueira e balnearia, que correspondería á banda da ribeira, dende A Guía a Samil. A parte interior queda disposta en zonas administrativa, comercial, vivendas, universitaria, médico-sanitaria e ferroviaria. A zona de Extensión terá catro áreas: obreira, residencial, militar - xurídica e agrario forestal.

Doutra banda, tres grandes vías cruzarán todo o termo: a Atlántica, que seguirá a costa dende A Guía a Samil; a Céltica, que cruzará a cidade pola ladeira intermedia, e a Vía Cornisa, que seguirá por tras do Monte do Castro. Estas vías estarán comunicadas entre si por unha retícula de pasos, rúas a avenidas.

A idea de diversificar as zonas da cidade, evitando a masificación da concentración urbana é unha das grandes conquistas do urbanismo moderno. Amáis do utilitarismo e funcionalidade da urbe conquire unha clarificación dos espazos.

la ter Vigo amplas alamedas, quintás típicamente galaicas, rúas porticadas e cubertas polo interior da cidade —A pasaxe Invernía—. Adaptábase o porriñés á topografía, cousa que non se faría despóis.

Nada do que Palacios pensou chegaría a se facer. Hastra a memoria do seu plan se perdería. A municipalización do chan evitaría os tentos especulativos do futuro. Ademais de ser unha cidademodélica o Vigo de hoxe non sería unha concentración masificada onde hai 5.000 pisos valeiros —que non se alquilan nin se venden— e compre a construción de 10.000 vivendas sociáis.

O erguemento contra a «II República» fai que o proxecto sexa arrumbado e desaparezan os planos. No ano de 1943 —daquela declábase «octavo año triunfal»— o axuntamento de Vigo encarga a redacción dun probe plan de «alineacións a rasantes», pra que a cidade medre rápida e desordenadamente até chegar ós nosos días.

no da poboación metropolitana, senón que prevía o desenvolvemento dos núcleos do «hinterland» e as conseguíntes comunicacións. As vías —non realizadas— de desconxestonamento xa estaban previstas daquela. Endexamáis se fixeron.

O plantexa-lo desenrolo do seu plano, Palacios non somentes plantexa o problema de organiza-la cidade, senón de conseguir un beneficio inmediato prós cidadáns. O tempo faría de Vigo unha cidade monumento.

As súas teorías encol das operacións de reforma interior eran sumamente difíceis, tendo en conta o desorde reinante. A proposta máis interesante é a chamada «Rúa de Galicia», que partindo da estación marítima subía deica o monte do Castro, onde chantaba o «Palacio Regional», edificio monumental, na liña dos seus estudos, destinado a grandes acontecementos.

Dende o mar ó Castro plantexaba unha serie de plataformas unidas por escalinatas, cruzadas por vías anchas. Na zona de Castelo de San Sebastián situaba asimesmo o Axuntamento. Esta rúa tería de ir flanqueada dunha serie de edificios onde estarían as dependencias administrativas e máillos consulados.

O conxunto, monumental todo el, daría unha silueta e un perfil de-



O EDIFICIO GARCIA BARBON Chegouse a falar da piqueta.

O remuíño

XAVIER MARIÑO

Os libreiros vigueses están a preparar xa a FEIRA DO LIBRO (a sexta que se celebra en Vigo e que dende o ano pasado é anual) prós derradeiros días de xullo e primeiros de agosto. Segundo cifras oficiáis 14 millóns de pesetas fixéronse o ano pasado de vendas, cifra que reborda con moito a dos anos anteriores. ¿Comenza a ser rentábel o libro?

«A modo coas palabras —di BIEITO LEDO, voceiro dos libreiros vigueses—. Pódense dar moitas cifras, pro cáseque ninguén fala dos cartos. Podemos decir, á marxe de que a cifra de 14 millóns sexa un pouco esaxerada, que a feira do libro, dende o punto de vista económico, non é rentábel de ningunha maneira pró libreiro. Se se fai a feira é porque debe haber feira, pro este ano mesmo estivemos a piques de decir que non».

E escomezamos a facer números. O «Instituto Nacional del Libro Español» (INLE) cobra cáseque 15 mil pesetas por caseta (50 casetas terá en total a feira viguesa) ó que compre engadir gastos de mantemento que chegan a dúas ou tres mil pesetas máis. Poñámoslle por riba os descontos que se fan nos precios de venda e que paga o libreiro dos seus be-

neficios, reforzamento do personal pra eses días tanto nas case-tas coma na librería que non pode quedar soa, as 10 horas diarias de traballo (domingos e festivos tamén), transportes, gastos extras, etc. Todo pola conta do libreiro. «Se facemos números, ó final non queda nada, ou cáseque nada», din eles.

¿E qué fai a política cultural do Estado? «Pois canga con trabucos ó libreiros, pon atrancos ou, polo menos, non dá as facilidades que tiña que dar, sendo un organismo oficial, pra defender unha política axeitada e popular da cultura».

De tódolos xeitos haberá feira do libro en Vigo este ano. E xa está avertido o caixón das suxerencias: recitáis de cantantes galegos, conferencias de escritores, concursos, participación dos nenos, festiváis de muiñeira e folklore popular... Todo iso amáis do libro, naturalmente. «Pro iso sí. Eiquí non gaña cartos ninguén de nos. Gañan cartos as editoriais grandes que veñen vender enciclopedias cando tiñan que vir somentes de mostra. O libreiro pequeno éche un loitador cativo».



OS GITANOS DE PONTEVEDRA NUNHA PELICULA DE LORENZO SOLER, «GITANOS SIN ROMANCERO»

As «Xornadas do cine en Ourense» acolleron dende a súa cuarta edición o cine das nacionalidades. O que naquela ocasión foi unha mostra desordenada, este ano concretouse nunha programación pensada pra dar noticia do que se nixo durante os últimos meses en Catalunya, Euskadi, Canarias e naturalmente Galicia (TEIMA, n.º 20), incluíndo películas de interés especial de Castilla e unha mostra do «cine portugués» que terá pra anos vindeiros un lugar importante nas «Xornadas», porque coas súas coincidencias idiomáticas o veciño país pode ser un vieiro natural pra distribución do noso cine. E nisto están os organizadores de Ourense.

Os chamados «cines nacionais» —Ourense, 76— foron reivindicados por vez primeira no Estado nas conversas das «IV Xornadas»: os que conciben o fenómeno cinematográfico como instrumento de loita ideolóxica das clases explotadas das distintas nacionalidades do Estado Español. Deste xeito concretábase dende unha realidade plurinacional socio-política o feito do cine lonxe do paternalismo daquel «manifesto del cine pobre» de Benalmádena-70 (cahmbanille ós produtos de subformatos «cine independente» (?) e nun contxto definido dentro do que en Almería-75 se deu en nomear «cine alternativo»: o que propón un cambio fronte á ideoloxía dominante. Nestes mesmos términos de definición aportáronse ideas nos certames de Zaragoza, Barcelona e Huesca. Como sempre, os cines nacionais pue han de responder ás situacións socio-político-culturais que conforman a vida das nacionalidades que existen no Estado, según sendo ignorados polos «críticos» da meseta, que son quen pontifican pra non perde-lo costume, metendoos no saco de «el otro cine español», como fai Javier Merino nun traballo que firma en «Reseña» —n.º 95—. O de «el otro» refórese ó «cine regional coherente» (11)

En Ourense a necesidade dos cines nacionais está clara. Os pobos con personalidade propia urxen canles de comunicación independentes de cara a súa propia liberación. O cine, como conxunción de signos, imaxes, símbolos e sonidos, é imprescindible na carreira das conquistas populares. Polo mesmo, nas «xornadas» deste ano ensaiouse a maneira de facer converter cada ano este cine, porque as loitas son as mes-

mas e porque a linguaxe expresiva delas terá que acoller significacións paralelas e semellantes. Nesta loita de expresión (na búsqueda dunha liberdade plena, sen censuras nen atrancos máis cá lóxicas limitacións que lle veñen impostas ó proceso creativo) inclúese a consecución dunha infraestrutura propia de cada cine nacional e artelladas todas elas pra realmente chegaren a representar unha forza cinematográfica paralela á que monopolizadamente presenta o chamado «cine de aparato».

Trátase sen máis rodeos dun cine militante, que lle dea canle ós feitos e situacións dende perpectivas de loita de clases, nun contexto de liberación nacional-popular, e sen estar suxeito á disciplina de ningún partido.

CINE CATALAN: NA VANGARDA DE PRODUCCION

O cine catalán —as razóns están ben claras se o situamos nun país que é reivindicado pola mesma burguesía— tivo as posibilidades que outros cines nacionais non tiveron pra se desenrolar. O poder dos cartos consegue froitos en «permissividade» dentro dun orde, aparte do doado acceso ás culturas europeas que abrirán camiño en momentos pechados a cal e canto pra todo o que non viñera envolto en celofán de movemento nacional. Son así os realizadores cataláns a vangarda. Xa polos anos setenta —data na que comeza a se falar dun cine diferente ou cine marxinado en España— créase a Central del gorto utilizando a rede de cine-clubs, tanto das cidades como das comarcas. Nos anos 74-75 chegan ós cines permanentes e persistentes de distribución non só pra Catalunya, senón tamén pró resto do Estado. Todo deu como resultado a «Cooperativa de cine alternativo». A alternativa no senso socio-político e ideolóxico concretábase no comunicado que enviaron ás «Xornadas» do seguinte xeito: «recuperación da ralidade escamoteada (oprimida) nos últimos corenta anos (feitos políticos, realidade social, nacionalidade catalá...) contrainformación da nosa realidade cotiá (cine vehículo) e inscrición nas loitas das clases explotadas das nacionalidades do Estado Español. «Pen-

V Xornadas do Cine en Ourense

Os cines nacionais, porta aberta

LOIS POUSA

samos —seguen decindo— que a única reconstrución de códigos artísticos, establecidos vehiculadores da ideoloxía da clase dominante, pode levar á abstracción do contexto social no que estas se producen, caíndo no perigo da formación de grupúsculos elitistas».

As películas presentadas nas V Xornadas: «*Can Serra*», cine-testemuño, na que un grupo de obxectores de conciencia manifestan a necesidade de que se lles recoñezan os dereitos coma tais; cumpren voluntariamente o «servicio civil» no barrio de Can Serra de Hospitalet. «*Alborada*» (Elius Bruch e Lluís Garay), película sobre a guerra civil española, con imaxes claramente reconocibeis de «*Morir en Madrid*», pasando nunha montaxe ben feita ós anos de postguerra inmediata, pra ofrece-la situación migratoria dende a periferia ó centro; e rematar cos derradeiros meses do franquismo personado. «*Carn Crua*» é o escalofriante documento gráfico das feridas da guerra, basándose no Vietnam. «*La marcha de la llibertat*» é o terceiro dos noticiarios que tentan facer endiante sobre a actualidade dos países Cataláns. Pola súa banda Lorenzo Soler, veterano e bon realizador catalán, presentou «*Gitanos sin romance-ro*», película-verité que narra en directo a vida dos xitanos de Pontevedra. Tamén se pasou «*Antisalmo*», montaxe maxistral no que de maneira sinxela e con imaxes de significación crítica as relacións Igrexa-Franquismo durante os últimos corenta anos, servíndolle de «apuntalamento» unha filmación precisamente feita en Santiago e que puiden recoñecer fácilmente como a toma de posesión do actual rector da Universidade, Sáenz Pedrero. «*La nova canço*»

foi a longametraxe en 35 mm. que pechou as «xornadas», como exemplo da viabilidade dun cine catalán no circuito comercial.

CINE CANARIO: NA BUSQUEDA DA SUA PROPIA LINGUAXE

A actividade desenrolada no eido do cine canario é grande dabondo. O resultado máis importante é a chamada «Asamblea de Cineastas independentes canarios» (A.C.I.C.) que foi cumprindo as diferentes etapas que se propuxeran. «Dun cine repleto de deficiencias —din no comunicado das «Xornadas»— estamos a pasar a un cine máis coitado; dun cine populista, estamos a pasar a un cine de combate; dun cine probe e sen experiencia de linguaxe, estamos a pasar á investigación da linguaxe fílmica». «Reflexa-los problemas do home canario —seguen afirmando— denuncia-lo subdesenvolvemento e mesmo dar alternativas sociopolíticas á conxuntura canaria, é insuficiente se a linguaxe que utilizamos repite os esquemas tópicos dos medios de información nas mans da ideoloxía dominante. O cine canario debe atopar as súas propias formas de expresión; cada día está máis claro que a reprodución da linguaxe dominante implica a reprodución da ideoloxía dominante». Foi Sánchez Bolaños quen presentou a alternativa que ofrece o cine canario e tamén as películas: «*Hacia un movimiento por una cultura popular canaria*», «*El encierro*» e «*Confesiones del ciudadano M*», serían mostras dun cine documen-

FOTOGRAMA DA PELICULA CATALANA «LA NOVA CANÇO»



tal conxuntural, coma o tema do «encierro» dos estudantes na Universidade da Laguna durante uns días, película coa que se erguéu polémica porque a tese viña a demostrar que o movemento estudantil remarcábase nun idealismo culturalista e de escasos plantexamentos canarios. Con «*La mugre*», «*Surcos*» e «*Sociedad anónima*», o achego ás camadas populares, sen demasiada preocupación pola estrutura artística na primeira delas e con certo preciosismo na segunda, preséntanos con timidez e sen forza suficiente, aínda que responde a un momento do cine canario que o único que tentaba era a concienciación popular. Na película «*Diagrama*» vese un intento de recuperar ou recrear novas linguaxes, experimentando formas de decir e de escribir cinematográficamente. Están a da-lo salto a unha potenciación lingüística do seu cine coma unha necesidade de loita ideolóxica.

CINE VASCO: O QUE, PARADOXICAMENTE, ESTA A NACER

Paradójicamente no senso de que a «operatividade» persoal dun pobo coma é o de Euskadi non dera resultados fílmicos militantes. Prácticamente non existe o cine vasco. E o que hai é froito de homes-individuos que fan o que poden e o que lles deixan. «Non existe unha estética cinematográfica vasca —di Iñaki Núñez no comunicado das «Xornadas»—. Vemos moi claro dous factores condicionantes: ún, o mesmo proceso de produción de filmes; e outro, o medio receptor, que é moi reducido. A solución estaría en que ese protagonismo da cultura cinematográfica fora asumido polo pobo e que se crearan cooperativas de cine que permitiran un proceso de produción continuado». Falan das dificultades que teñen pra facer o cine que queren. Iñaki menciona o caso da súa película «*Estado de excepción*», construída «coma un chamamento a facer entre todos esa liberdade —di— que tantas mortes custou, sen que haxa opresores e pola que o pobo elixa o seu destino». Puidera ser unha entrada importante pra creación desa estética inexistente polo de agora.

Nas «Xornadas» pasouse unha soa película vasca, «*Vera, un ensaio de arquitectura popular*», en 16 mm. e destinada ás ikastolas. Trátase dun film didáctico e pedagóxico ben artellado e con boa fotografía. A película de Antón Mericaechevarría prevista no programa e titulada «*Euskal Sakoma*» (Santuario profundo), non puido ó final proxectarse porque non chegou a tempo a copia.

MADRID: UN CINE IMPERSONAL

Víronse nas «Xornadas» deste ano tres películas realizadas en Madrid, lugar de coincidencia de moitos novos e maduros realizadores, dos que as linguaxes se perderon no impersonal, o que non lles quita interese a películas

que, como as presentadas en Ourense, mostran unha boa calidade e unha clara intencionalidade crítica e sociolóxica, política en definitiva. En «*La ciudad es nuestra*» (Tino Calabuig) móstrase a problemática dos barrios de Madrid, dende plantexamentos de asociacións de veciños. Ten un gran valor testimonial, aínda que lle reste forza o deixar da man esas illadas parrafadas mítinescas que cansan e desfán o tempo fílmico, cansando ó espectador. Xa en formatos comerciais, «*Pomporrutas imperiales*» e «*Ir por lana*», a primeira de Fernando Colomo e a segunda de Miguel Ángel Díez. Exemplos do bon facer fílmico, sen caíren no panfleto social, precisamente porque están realizadas con gran tino e moi intelixentemente pensadas.

CINE PORTUGUES: NA ESPREITA DUNHA REVOLUCION AMANSADA

Do cine portugués teriamos que falar máis amplamente. Porque se trata dun fenómeno cultural que ben puidera ser presentado como método de estudo na hora dos encontros entre a arte e a política, entre a linguaxe artística e as linguaxes política, e ideolóxica. Da man da RTVP, os realizadores portugueses que no réxime fascista estaban acotados saíron á rúa militantemente. Habla que ergue a economía do país e non podían acollerse ó luxo de ficcións narrativas no cine. Así, uns colleron camiño das terras do Alentejo ou da Grândola do sur subdesenrolado, pra recibiren e filmaren en vivo o traballo das cooperativas do campo. Outros seguiron as dialécticas obreiras nas fábricas e outros, os menos, adicáronse a recrear situacións políticas nas que o vello réxime do ditador Salazar saía malparado. Velahí por qué as películas vistas en Ourense deron idea do cine portugués feito nos últimos meses que seguiron ó 25 de Abril daquel ano de 1974. «*A apanha da azeitona*», «*Nascer, viver, morrer*», «*O caso Sogantal*», «*Ocupación de Torre Belha*», «*Ocupación das terras de Beira Baixa*» e «*Teatro popular*», son mostras deste cine que tivo importancia social no contexto dunha política revolucionaria, pro feitas nun estilo televisivo de conversas alongadas e escasos movementos de cámara. Un cine non artístico e sí narrativo. Canso a máis non poder. Fallan nel as mínimas normas sintácticas cinematográficas. Noutro senso, presentouse «*Deus, Patria, Autoridade*», longametraxe dirixida a retorcer-la filosofía do salazarismo hastra demostrar que non tiña filosofía. Desmonta os tres dogmas sobre os que se asentaba: Deus, Patria, Autoridade. O seu autor, Rui Simoes, fala da película como «un film revolucionario... porque analiza as desigualdades sociais, os seus conflitos, problemas e consecuencias». Agora están a xurdir novos realizadores pra unha nova etapa que se avexiña dentro dunha revolución amansada.

Escolma/TEIMA

LIBROS

Gustavo Fabra Barreiro. EL DISCURSO INTERRUPTO. Akal editor. Edición de Mauro Mariño. Madrid, 1977. 379 páxs.



132 persoas da cultura e seis institucións fan posíbel esta escolma de traballos críticos e xornalísticos de Gustavo Fabra (1945-1975), escritor e estudioso, entre outros temas, das nosas letras tamén, ás que adicou o seu único libro publicado, «*Literatura gallega*», vol. XXXII da serie «*Literatura española en imáxenes* (La Muralla). Foi o coordinador e director da edición colectiva «*Los gallegos*», que saíu en Istmo poucos meses despois da súa morte por mor dun parvo accidente doméstico.

O seu interese pola cultura galega amósase nunha parte importante desta recolleita-homenaxe na que se engaden traballos encol de Larra (dérangle o premio da Revista de Occidente no 67 por un ensaio sobre este escritor), outros temas literarios e culturais españois, letras estranxeiras e traballos de teoría literaria.

Nicolás Taboada y Leal. DESCRIPCIÓN TOPOGRÁFICO-HISTÓRICA DE LA CIUDAD DE VIGO, SU RIA Y ALREDEDORES. Edición facsímil a cargo do Axuntamento de Vigo. Límiar de Xosé María Álvarez Blázquez. Vigo, 1977. 232 páxs. Tirada limitada a mil exemplares.

Imaxinar nos tempos que corren un Vigo de 5.500 veciños, feita tódolos sábados, recollida na muralla (aunque xa cos primeiros industriais cataláns pola banda do Arenal), cun teatro na plaza da Pescadería que tiña sonda de se-lo millor de Galicia e, xa daquela, con problemas de auga... é un miragre. Neste caso é unha testemuña histórica de primeira magnitude que

agora reedita o axuntamento vigués con moi boa idea. As nosas felicitacións (que non todo van ser críticas).

No límiar, Xosé María Álvarez Blázquez introdúcenos no xénero: a crónica-estudio, análise xeográfica e etnográfica das cidades, que escomenza en Galicia sobre todo nos primeiros anos do século pasado e da que este libro é pioneiro. Logo do de Taboada, editado en Compostela por primeira vez no ano 1840, aparecen o de Enrique de Vedia y Goossens sobre A Coruña («*Historia y descripción de la ciudad de La Coruña*»), a «*Historia de Pontevedra*», de Claudio González y Zúñiga en 1846, a «*Historia y descripción de la ciudad y departamento naval del Ferrol*» de Montero y Aróstegui, «*El viajero en la ciudad de Santiago*» de Félix Moreno Astray de 1865, as «*Monografías de Santiago*» de Antonio Neira de Mosquera en 1850, Teodosio Vesteiro Tores e as súas «*Monografías de Vigo*», etc. Todos eles están sen reeditar. E algúns máis, que quedan no tinteiro.

Compre entender este tipo de traballos xeográfico-descriptivos, entre etnográficos, folklóricos e históricos, coma os primeiros tentos dun proceso de coñecemento e análise das cousas locais, froito do espírito ilustrado dos homes dacabalo ante o XVIII e o XIX. A edición facsímil dálle neste caso un valor novo. E unha magoa a edición tan cativa porque o libro ten o interese non só erudito (que é moito e fundamental prós nosos historiadores) senón mesmo descubridor pra todos aqueles que estean interesados nas cuestións do noso país e, máis concretamente, dunha cidade coma Vigo. Nas páxinas de Taboada, médico por aquelas datas na vila viguesa (aínda estaba recente a capitalidade da provincia que Vigo mantivo de 1820 a 1823), está recolleito o latexar e xermolo da que hoxe é a cidade industrial de Galicia. Polo demáis, non andamos precisamente sobrados de crónicas e testemuñas históricas coma esta.



cartas a dirección



A COOPERATIVA DO RIBEIRO

Señor Director: Na revista TEIMA que vostede dirixe correspondente ao número 16, do 31 de marzal, atópase firmado por Víctor F. Freixanes, un artigo que no seu apartado referente a «Os problemas do Ribeiro» nomea a Cooperativa do viño Pazo.

Como Presidente da dita Cooperativa, independentemente das auciós legais que se xuzgue oportuno, teño que chamarlle a atención sobor do escrito pola cantidade de faltas á verdade que se verten no mesmo sin reparar mentes en que con isto lle sacan o crédito á Cooperativa, a pesares de que nela está a vida de moitos probes campeños.

O que escribíu parez que non puxo máis que mala leite ou foi informado por quen aspira a fundir a Cooperativa, e sin querer comprobar a esautitude do que escribe, cousa que lle houbera sido fácil con preguntárnolo a nós.

Pra començar direi que cando díf «non están as contas claras dende hai anos» podo decirlle: este Consello Reutor entróu en setembro de 1975 a máis da metade do exercicio que se pecha ao 28 de febreiro. Dende aquela data ao 28-2 esforzouse e conseguiu presentar na Asambleia celebrada en maio, os balances correspondentes as liquidacións das colleitas de 1972, 73 e 74, cuio exercicio desta última se pechaba no 28-2. En dita Asambleia quedaron aprobadas as contas e non foi ningún segredo, pois déuselle a tódolos socios un libríño coas contas dos tres exercicios. No último diles, tópanse as deudas totales da Cooperativa en 152 millóns de pesetas, das cuais son á Caixa Rural 72 millóns que distan moito dos 180 que nos atribuen.

En canto ao párrafo de «non está nada claro cómo se vai sair desto» podo tranquilizarlle a súa concencia decíndolle que no exercicio que acabamos de pechar ao 28-2, amortizamos perto de 30 millóns, polo que a deuda total da Cooperativa queda en 122 millóns; e ademais podo decirlle que a liquidación aos socios, é bastante máis do do-

ble do que cobrou de promedio nestes tres últimos anos.

Pra maior honra pódolle decir que estamos levantando a Cooperativa coa axuda da Caixa Rural cuios xuros son bastante máis baixos do que cobran outras entidades de crédito anque se chamen «benéficas».

En canto a outro párrafo onde díf que o alcalde de Ribadavia «tomóu partido a carón de outro grupo oligárquico do viño: «Os cosecheiros» frente á Cooperativa», podería admitilo se onde díf «cosecheiros» puxera «almacenistas» pois así é, mais podo decirlle que a Cooperativa non ten ningún problema cos cosecheiros, pois os intereses de éstos son os mesmos cos da Cooperativa, ou sexa: evitar o fraude que se comete có viño do Ribeiro.

De acordo coa Lei de Prensa, podía esixirle a publicación desta carta como réplica; pro isto deixóu á súa elección, e por isto verei o grado de intención ou culpabilidade, na publicación do artigo mencionado.

Sin máis, saúde.

Firma ilexíbel
Cooperativa Vitivinícola del Ribeiro
Ribadavia (Ourense)

P.D.: No último número da revista vexo que sigue con falsedades, ó decir que Xaime Paz suministra caixas á Cooperativa, cando nós non somos nin consumidores desa clase de caixas.

* * *

E VOSTEDE QUE OS VEXA

Amigos de TEIMA: Escribovos pra manifestarvos o meu apoio á revista que estades facendo. Anque un pouquiño pesada de confección, o certo é que os dous números que poiden ler —o primeiro é o 17— si de algo «pecan» é de abundancia de artigos e informes cheos de intrés.

Hoxe mesmo pido ser suscrito a TEIMA.. por moitos anos.

Sabede que podedes contar coa miña entusiasta e desinteresada colaboración. Enhoraboa. Galicia ceibe. Un amistoso saúde.

Manuel López Rodríguez
Redacción de «Cuadernos para el diálogo»
Jarama, 19
Madrid - 2

* * *

ACLARACIONES DE «TRASMALLO»

Señor Director: Despóis da publicación no número 18 da súa revista, dunha conversa que o redactor Xavier Navaza tivera con varios de nós días pasados, quixéramos facer unhas pequenas aclaracións que posiblemente pola dificultade de transcribir toda a grabación da conversa, poderían levar á confusión nos lectores.

A nosa relación coa Universidade é moi cativa, pro eso sí, de enorme valor cualitativo nos poucos Departamentos que nos axudan.

Un deses Departamentos, que non aparece na transcripción da conversa é o de Socioloxía, da Facultade de Ciencias Económicas, a cuio encargado, o profesor Xosé Pérez Vilariño, debe este equipo unha importante axuda técnica e bibliográfica.

Finalmente, o Departamento da Facultade de Ciencias Biolóxicas onde traballan varios dos biólogos do equipo é o de Bioquímica, que non aparece explicitado na súa revista.

Os membros do equipo que actualmente traballan en «Trasmallo» son: os economistas Xulio X. Pardellas, Fernando G. Laxe (coordinadores), Xan P. Cornide e Xosé Verde.

Os biólogos Manuel Rei, Elvira Cienfuegos e Alicia Carballido. Ademais, Xavier Franco e María do Carme Loureiro, estudantes de Medicina e Irene Pérez, estudante de Filoloxía.

Agradecéndolle a súa atención saudalle.

Trasmallo. Equipo de estudos.
Xulio X. Pardellas. Coordinador.

A CASA DE GALICIA EN BILBAO, NA LOITA

Señor Director: A Casa de Galicia en Bilbao, presente en esprito en todo o quefacer cultural, económico, etc, que atinxe á nosa Patria Galega, non pode ñorar os acontecementos que está a vivir a nosa Terra e sentirse irmanada coa loita que os noso pobo está desenrolando por facer respetar a súa cultura, patrimonio da que, a lingoa, ten o seu máis outo sentido.

Repuxamos, por ende, públicamente, o asoballamento lingüístico que dende tempos lonxanos se ven tendo pra co noso idioma, eisprección da nosa ialma, á que se ven postergando e castigando ainda nos nosos días, nos que tanto se fala de linguas «rexionáis» e de democracia.

A nosa Sociedade, que nos sucesos que viviu nestes derradeiros anos Hespaña enteira, con mortes innecesarias, magnicidios, etc; fixo sabere a súa repuxa en escritos ó Goberno Civil de Bizcaia, non pode silenar o seu refugo ó espasallo cometido por axentes da autoridade na persoa do escritor e catedrático Paco Rodríguez polo feito de falar na nosa lingoa, que ten, cando menos, o mesmo dereito a sere respetada como o seña o castelán.

Supoñemos que o levar un uniforme que é, debe sere, viva representación dun pobo que quere paz, non autoriza a menosprezar unha cultura que todos levamos no corazón e pola que os galegos estamos dispostos a loitar; a nosa loita, nembargantes, i afortunadamente, non está encostada por unha metralleta, pro eso non nos resta nin un pouco do noso dereito a defender a cultura propia i esixir ás autoridades o meirande respeto pra ela e deste xeito evitar que vexamos en cada uniforme un nemigo da nosa ialma galeguista.

Queremos tamén enviar a Paco Rodríguez o sentimento da nosa amizade i a nosa solidariedade na defensa da nosa lingoa materna.

Na seguridade de nos vere atendidos, enviámoslle un agarimoso saúde.

Casa de Galicia. Departamento de Cultura.
Jardines, 7
Bilbao - 5

Millóns de nenos condenados a morte. Indúlteos.

Neste intre, a única saída
pra 900 millóns de nenos é morrer.
900 millóns de nenos están condenados
pola fame, as doenzas
e a falla total de cultura.



Na súa man está o indulto.
Unicef sóio conta con diñeiro dos seus socios.
Fágase socio de Unicef.
Nunca terá empregado millor
un pouco de diñeiro.

unicef

Fondo das Nacións Unidas prá Infancia

Apartado 12021
MADRID

Rogo me remitan maior información sobor de Unicef.

Nome

Dirección

Cidade Distrito

Teléfono



HORAGLOSA

SECCION FORMIGON

FORMIGONS E AGLOMERADOS DO SALNES, S. A.

- PLANTA DE MACHAQUEO
- PLANTA DE FORMIGON
- BOMBAS DE FORMIGON SOBRE CAMION
- PLANTA DE AGLOMERADO
- PREFABRICADOS DE FORMIGON
- MAQUINARIA INDUSTRIAL
- ESTUDIOS DE INXENIERIA E PROXECTOS

- O millor servico e venda de formigón
- Bombeos hasta 90 metros



PLANTAS E INSTALACIONES: CABANELAS-RIBADUMIA-PONTEVEDRA



HORAGLOSA

SECCION INMOBILIARIA

- DENDE AGORA, VENDA DE APARTAMENTOS E BAIXOS COMERCIAIS, NO RECANTO MAIS FERMOZO DE MARIN

Domicilio social: Pontevedra - Ponte Muíños, s/n.

Apartado de Correos 511 - Teléfonos: 858746 - 854950 - 854954